

Sobre a marcación diafásica das locucións en español

About diaphasic marking of idioms in Spanish

Ana María Ruiz Martínez

Universidad de Alcalá

ana.ruiz@uah.es

Resumo: O obxectivo deste artigo consiste en ofrecer unha descrición, coas súas utilidades e coas súas limitacións, dos recursos que poden empregar os investigadores á hora de vincularmos as locucións cun estilo de lingua determinado. Para isto, en primeiro lugar, revísase o tratamento da información diafásica que proporcionan os dicionarios xerais de lingua sobre as locucións. En segundo lugar, analízase a natureza dos datos achegados por unha serie de dicionarios fraseolóxicos, coa finalidade de resaltar aqueles dicionarios que ao se consultar poidan resultar especialmente útiles para a marcación deste tipo concreto de unidade fraseolóxica. En terceiro lugar, examínase qué factores contextuais, dos que están presentes cando se emprega a lingua para a comunicación, poden ser orientativos á hora de vincular unha locución cun estilo de lingua determinado. As conclusións obtidas despois da descrición de cada un dos tres recursos citados resaltarán a súa utilidade para a marcación diafásica que actualmente se está a realizar dun corpus de locucións do español actual.

Palabras clave: fraseoloxía, unidade fraseolóxica, locución, diafasia.

Abstract: The aim of this paper is to provide a description –with its profits and its limitations– of the best resources for researchers in matching idioms with a particular language style. To this end, firstly, the diaphasic information about idioms provided by general language dictionaries will be reviewed. Secondly, it will be analyzed the nature of the diaphasic information contained in some of the phraseological dictionaries in order to highlight those whose query can result especially useful for marking this particular type of phraseological unit. Finally, contextual factors will be examined, which are present when language is used for communication and which can act as guides when ascribing an idiom to a particular language style. The conclusions obtained after describing each of the three resources listed will stress their utility for the diaphasic marking, which is nowadays being executed on a corpus of the current Spanish idioms.

Keywords: Phraseology, phraseological unit, idiom, diaphasy.

Data de recepción 1.3.2013. Data de aceptación 16.5.2013.

1. Introducción

Non é demasiado amplo o número de publicacións verbo da lingua española, á parte dos dicionarios xerais e dalgúns dicionarios fraseolóxicos, nas que haxa un interese específico pola marcación¹ das UUFF en relación coa súa vinculación a un estilo de lingua determinado². Se ben a discusión teórica ao redor da existencia da variación diafásica nas UUFF, e especialmente nas locucións, si sexa un tema abordado frecuentemente nos traballos monográficos dedicados á variación fraseolóxica³. O coñecemento do contexto e da situación comunicativa nos que pode usarse unha determinada UF é prioritario para o usuario de calquera lingua, no sentido de que este debe coñecer as posibles restricións de uso que un determinado fraseoloxismo poida ter para que o seu emprego ou comprensión se leve a cabo dunha maneira adecuada e eficaz. Este é o motivo polo que Roberts (1996: 115) defende a necesidade de contar con este tipo de información práctica nos dicionarios ao afirmar que: “Des commentaires métalinguistiques, généralement sous forme d’étiquettes, sont de rigueur pour marquer la situation de discours dans laquelle les collocations et surtout les expressions idiomatiques s’emploient”. Grazas a este tipo de descrición, o dicionario facilitaría que calquera falante estranxeiro utilizase unha UF adecuadamente “sin caer en ninguna trampa ni cometer ningún error” (Wotjak 1998: 309)⁴. As decisións sobre a inclusión das marcas comunicativas (diatópicas, diastráticas e diafásicas) han de tomarse tanto nos dicionarios xerais como nos dicionarios fraseolóxicos (Wotjak 1998: 311).

Polo que se refire ao estilo coloquial ou informal, son varias as investigacións que recollen a idea de que o uso das UUFF caracteriza o español coloquial (Cascón Martín 2000, Gaviño Rodríguez 2008 ou Vigara Tauste 1987)⁵. Mesmo algúns

¹ Seguindo a Fajardo (1996-1997: 31-32), ao longo deste traballo utilizaremos o termo marcación para referirnos ao “recurso o procedimientto que se utiliza en el diccionario para señalar la particularidad de uso, de carácter no regular, que distingue a determinados elementos léxicos. [...] La marcación cumple una función fundamental: caracterizar a un elemento léxico señalando sus restricciones y condiciones de uso y tiene su expresión en el empleo de distintos tipos de marcas”. Para a distinción e revisión dos diversos tipos de marcas identificadas nos artigos lexicográficos, vid. Porto Dapena (2002: 251-265).

² Aínda que o termo *rexistro* se utilice como sinónimo de *estilo*, para a nosa investigación aplicamos a recomendación de Moreno Fernández (2005: 98): “parece adecuado y conveniente hacer un uso diferenciado de ambos y evitar la confusión en las exposiciones teóricas”. Por esta razón, vincularemos o *estilo* ou a *variación estilística* cos usos lingüísticos que veñen determinados pola situación comunicativa, aínda que no seo da sociolingüística se relacionase o termo *rexistro* tanto co *estilo de lingua* (variedade diafásica) como coa lingua específica dun grupo profesional (xerga ou tecnolecto). Se facemos unha revisión das etiquetas que se manexaron para identificar o maior ou menor grao de formalidade na actuación lingüística dos falantes, as propostas chegaron a ser numerosas (*formal, elevado, solemne, neutro, informal, coloquial, familiar...*) e son un reflexo das diferentes metodoloxías empregadas (Casas Gómez e Escoriza Morera 2009: 168).

³ En Penadés Martínez (2012: 45-60) atopamos unha relación exhaustiva e actualizada de traballos que trataron a variación fraseolóxica dende diferentes fundamentos teóricos. Despois de revisar un bo número de investigacións, conclúe que “en el ámbito de la fraseología del español y de la cultivada en España, ha interesado más, en general, el análisis de la variación no marcada” (Penadés Martínez 2012: 56).

⁴ Ademais da importancia do estilo, Wotjak tamén fai alusión á necesidade de coñecer a xeografía, as peculiaridades semánticas, o uso diastrático e os xéneros de texto cos que pode asociarse unha determinada UF.

⁵ Segundo Santamaría Pérez (2000: 564), nun bo número de dicionarios as UUFF documentadas tamén están vinculadas maioritariamente co uso coloquial ou familiar da lingua. Esta caracterización pode explicarse

dicionarios, como xa indicou Penadés Martínez (2004: 2225), manifestan esta particularidade no propio título, tal e como pode comprobarse nas obras de Martín Sánchez (1997, *Diccionario del español coloquial. Dichos, modismos y locuciones populares*), Pérez-Rioja (1997, *Modismos del español. 3.500 modismos y locuciones familiares singularmente expresivos o representativos, vigentes en la lengua hablada y escrita*) ou Ramos e Serradilla (2000, *Diccionario Akal del español coloquial. 1492 expresiones y más*). Aínda así, convén puntualizar que algunhas investigacións destinadas especificamente a unha clase –ou subclase– de UUFF revelaron que non todos os fraseoloxismos amosan a mesma vinculación co estilo informal, pois fronte á importancia das locucións elativas na lingua falada máis coloquial (Ruiz Gurillo 1998), a presenza das locucións verbais (Penadés Martínez 2004), os sintagmas prepositivos fraseolóxicos (Ruiz Gurillo 2001: 95) e os refráns (Penadés Martínez 2006) ten unha baixa frecuencia e, polo tanto, estas UUFF son pouco significativas na conversa coloquial ou informal.

O noso interese pola marcación estilística (ou diafásica) das locucións⁶ comezou participando como investigadora colaboradora no proxecto *Fraseografía teórica y práctica. Bases para la elaboración de un diccionario de locuciones*⁷, que tivo como finalidade establecer as bases para a redacción dun dicionario de locucións do español peninsular. As persoas interesadas no ámbito xeral da Lexicografía, ou na área particular da Fraseografía, poderán constatar que a tradición lexicográfica española converteu nun costume a utilización dunha serie de marcas que veñen resultando algo imprecisas e pouco sistemáticas á hora de vincular unha locución –así coma outras clases de UUFF– cun estilo determinado⁸. Os desacordos prácticos que hai entre os dicionarios en canto á atribución e interpretación de marcas como *formal*, *informal*, *coloquial* ou *familiar* ás locucións que recollen é a razón pola que para o noso labor actual na marcación dun corpus de locucións⁹ procedemos da seguinte maneira:

se temos en conta a descrición que realiza Wotjak (2006: 185) cando afirma que “lo que parece ser una característica interlingual peculiar de virtualmente todas las UF idiomáticas es su mayor o menor grado de expresividad, el cual las ubica en los niveles estilísticos mayoritariamente subestándar, es decir, por debajo de lo neutral, sea como coloquial o familiar, sea incluso como vulgar o grosero, sin descartar totalmente que pueda tratarse también de UF consideradas por encima de lo neutral”.

⁶ Tomamos como definición de locución a proporcionada por Casares (1969: 170): “combinación estable de dos o más términos que funciona como elemento oracional y cuyo sentido unitario consabido no se justifica, sin más, como una suma del significado normal de los componentes”.

⁷ Deste proxecto foi investigadora principal Inmaculada Penadés Martínez e financiouno o Ministerio de Educación y Ciencia (HUM2007-60649).

⁸ A propósito das restricións referidas ao nivel de lingua e ao estilo, sirva de exemplo a enorme variedade de etiquetas recolectadas por Garriga (2003: 117) nos dicionarios: popular, rústico e rural; xuvenil e infantil; poético, literario, culto, elevado, afectado e formal; informal, coloquial e familiar.

⁹ O corpus que estamos a analizar procede do baleirado das locucións contidas no *Diccionario fraseológico documentado del español actual*, de Seco, Andrés e Ramos (2004). Consonte a información proposta polos autores do *Diccionario* no apartado que leva por título “Sobre este diccionario” (pp. XI-XVIII), todas as UUFF rexistradas pertencen ao uso contemporáneo do español e a súa existencia está acreditada con testemuños escritos da segunda metade do século XX. Para a presente investigación traballamos cun corpus de 1345 locucións verbais.

A) En canto ao uso das marcas, tomamos como punto de partida a distinción convencional –e tradicional– que adoita empregarse para falar dos dous extremos imaxinarios dun *continuum*, que vai dende unha fala totalmente espontánea (a persoa non presta atención á forma de elaborar o seu discurso) ata unha fala completamente coidada (López Morales 2010: 388). Entre os dous extremos atoparíanse os estilos intermedios. Consonte esta perspectiva, consideramos que a locución que conta coa marca *inf.* (*informal*) é a que se emprega en situacións cotiás, espontáneas e de confianza entre os interlocutores, independentemente do nivel da lingua que posúan, mentres que coa marca *for.* (*formal*) indicamos que a acepción é propia dun estilo elevado. Con relación ao estilo formal do discurso, consideramos a *formalidade* como “la conducta guiada por unos criterios de máximo respeto hacia las normas sociolingüísticas y hacia lo prestigioso” (Moreno Fernández 2005: 101)¹⁰. Por outro lado, a ausencia das marcas *inf.* e *for.* indica que a locución forma parte do uso normal dos falantes e é considerada neutra¹¹.

B) Verbo da vinculación das locucións cun estilo de lingua determinado, procedemos da seguinte maneira: en primeiro lugar, consideramos a información proporcionada polos dicionarios xerais de lingua e os dicionarios fraseolóxicos seleccionados. En segundo lugar, maiormente en caso de desacordo entre os dicionarios e cando non rexistran unha determinada locución, examinamos diferentes textos que documentan a locución en cuestión para determinar o estilo de lingua ao que corresponde. Para isto, consideramos os trazos lingüísticos e a caracterización dalgúns dos factores extralingüísticos que están presentes nos contextos comunicativos nos que se realiza a actuación lingüística dos falantes.

Tendo en conta a información que acabamos de presentar, o obxectivo deste traballo consiste en ofrecer unha descrición, coas súas utilidades e coas súas limitacións, dos recursos que podemos empregar os investigadores para vincularmos as locucións cun estilo de lingua determinado. Así, en primeiro lugar, revisaremos a información diafásica que proporcionan os dicionarios xerais de lingua e compararemos as marcas empregadas. En segundo lugar, analizaremos a natureza deste mesmo contido nunha serie de dicionarios fraseolóxicos e resaltaremos aquelas obras de consulta especialmente útiles para marcar as locucións. E en terceiro lugar, ademais de considerar os trazos lingüísticos dun texto, examinaremos qué factores contextuais (a situación de comunicación, o tema do discurso e o xénero discursivo) dos que están presentes cando se emprega a lingua cun fin comunicativo poden ser de interese á hora de vincularmos unha locución cun estilo de lingua concreto.

¹⁰ A vinculación da formalidade co parámetro social non implica que haxa unha relación necesaria e absoluta entre a formalidade e os trazos propios dos falantes dun nivel sociocultural alto, e entre a informalidade e os trazos propios dos falantes dun nivel sociocultural baixo.

¹¹ Este esquema reproduce o que se aplica nas “linguas modernas”, nas que, segundo Ettinger (1982: 387), “se distinguen *grosso modo* tres registros diafásicos, es decir, además de la norma recomendada, se distingue un registro que representa un nivel lingüístico más esmerado y otro que se encuentra por debajo de la norma (‘subestándar’) y que en la mayoría de los casos se llama ‘familiar’ o ‘popular’”.

2. A información diafásica sobre as locucións nos dicionarios xerais de lingua¹²

No capítulo que Olímpio de Oliveira Silva (2007: 201-272) dedica a “La marcación lexicográfica de las unidades fraseológicas” preséntase un estado da cuestión sobre o eido de aplicación que os termos *marcación* e *marca* teñen na lexicografía. De acordo coa información proporcionada podemos distinguir dúas concepcións principais:

- 1) unha concepción estreita, referida ás restricións de uso ou aos cambios no significado que experimentan determinadas unidades (diacrónica, diatópica, diafásica, diastrática, técnica ou connotativa);
- 2) unha concepción ampla, que recollería a información achegada polas marcas citadas xunto aos aspectos gramaticais.

No seo da lexicografía hispánica, sexa cal for o punto de vista adoptado, son moitos os investigadores que se ocuparon das dificultades e carencias que se observan na aplicación de certas marcas nos dicionarios españois (Gómez Martínez e Carriazo Ruíz 2010, Olímpio de Oliveira Silva 2007: 201-252). Esta situación intentouse explicar como unha consecuencia inexorable da dependencia que ten a lexicografía doutras disciplinas lingüísticas (Hartmann 2001: 34-36), e do feito de que algúns aspectos lingüísticos aínda non estean descritos dunha forma clara (Olímpio de Oliveira Silva 2007: 202).

Con relación ao tratamento específico que os dicionarios dan ás chamadas marcas de nivel (diastráticas) e de estilo (diafásicas)¹³, a bibliografía específica que veu ocupándose do tema insiste en que –independentemente de que a lexicografía veña recollendo indicacións relacionadas co uso da lingua na súa dimensión diastrática e estilística¹⁴– a inclusión sistemática e coherente deste tipo de marcación continúa sendo ata o día de hoxe un tema pendente para a práctica dicionarística xeral (tanto para a lingua española¹⁵ como

¹² Nunha comunicación presentada no XVI Congreso Internacional de la Asociación de Lingüística y Filología de la América Latina (ALFAL) revisamos o tratamento lexicográfico da marcación diastrática e diafásica das locucións nalgúns dicionarios monolingües do español (Ruiz Martínez 2012).

¹³ Consonte a información ofrecida por Zgusta (1988), o interese dos investigadores polas marcas de uso iníciase nos anos 60 tanto en Europa coma nos Estados Unidos, aínda que a súa consolidación se produce nas dúas décadas seguintes. En Garcés e Garriga (2010: 186-187) préstase atención aos inicios e á consolidación dos manuais lexicográficos nos que as marcas de uso tiveron un gran protagonismo.

¹⁴ Para unha revisión detallada dos procedementos utilizados pola lexicografía española á hora de proporcionar as marcas de nivel social e de uso estilístico, véxase Garriga (1997).

¹⁵ Wotjak (1994: 161) utiliza a metáfora do “campo fértil y poco descuidado” cando recorda que “en la propia teoría no abundan los análisis que más allá de la caracterización diatópica pretendan describir también marcas diastráticas (y en menor escala aún diafásicas) del léxico español”. Consonte este investigador, aínda falta moito por analizar verbo das marcas que informan do potencial comunicativo das unidades léxicas na lingua española, así como por incluír debidamente a totalidade destas marcas comunicativas no labor lexicográfico. Neste sentido, son moitos os investigadores que recoñeceron tanto a problemática que acarrea a escasa atención que a metalexigrafía lle dispensou á marcación, como a falta de coherencia e unidade no sistema de marcación do léxico entre os dicionarios (Camacho Barreiro 2008, Fajardo 1996-1997, Garriga 1997 e 2003, Gómez Martínez e Carriazo Ruíz 2010, Gutiérrez Cuadrado 1996b e Rodríguez Marín 2003).

para outras linguas¹⁶) e fraseolóxica¹⁷. Aínda que se insista reiteradamente na escaseza de análises estilísticas sobre o léxico e na carencia ou relativa arbitrariedade dun método rigoroso para a aplicación das marcas; e aínda que se enumeren as causas que provocaron esta situación, é de xustiza recoñecer que o desenvolvemento consolidado da sociolingüística –en tanto que estuda a lingua no seu contexto social– manexa uns criterios coherentes e solventes á hora de propor marcas que viñeron a “ordenar y poner nombre a lo que los lexicógrafos, de una manera intuitiva, intentaban reflejar en los diccionarios a través de las marcas de uso” (Garcés e Garriga 2010: 204). Os dicionarios deberían considerar as achegas da disciplina sociolingüística á hora de proporcionaren diferentes tipos de información ligados aos aspectos sociais; como é o caso de: a pertenza da palabra a un rexistro específico (*estudiantil, infantil, policial*), a relación con determinado nivel sociocultural dentro do espectro sociolingüístico da comunidade estudada (*culto, popular*), a valoración social do termo que fai a propia comunidade (*presticioso, eufemístico, vulgar, tabú*) e a indicación do estilo de lingua ao que pertence a palabra (*esmerado, espontáneo*) (López Morales 2010: 386)¹⁸.

No tocante á identificación e medición dos estilos de lingua, debemos ter presente que non estamos ante unha tarefa doada, posto que:

Los límites entre unos estilos y otros son inexistentes o, al menos, imperceptibles [...] Cada hablante y cada grupo social se mueven en unos márgenes estilísticos propios, cuyos límites inicial y final son siempre dos puntos cualesquiera pertenecientes a la dimensión proyectada desde el plano sociolingüístico (Moreno Fernández 2005: 101).

A partir desta afirmación, sentimos a necesidade de insistir en dous feitos principais que a sociolingüística puxo ao descuberto:

¹⁶ Hausmann (1989, citado por Garcés e Garriga 2010: 172) afirmou que as variacións que presentan as linguas con relación ao uso en determinadas situacións presentan bastantes dificultades para a súa delimitación, pois dende o punto de vista teórico este tipo de variación non está claramente delimitada. Neste contexto, se consideramos a técnica lexicográfica que se aplicou noutras linguas (como por exemplo, para o francés (Binon et alii 2004: 62), para o portugués (Strehler (1998) ou para os dicionarios históricos do inglés (Garcés e Garriga 2010: 203)), observamos bastante similitude coa descrición proposta para a lexicografía española en canto á falta de sistematicidade nos dicionarios á hora de aplicar certas marcas de uso. Con relación ás convencións textuais adoptadas tradicionalmente polos dicionarios, as palabras de Béjoint (2000: 206-208) subliñaron que aínda que a tradición se converteuse nun factor importante para o asentamento destas, impónse a urxente necesidade da revisión á luz dos resultados achegados polas novas investigacións lingüísticas.

¹⁷ Os fraseógrafos (ou lexicógrafos) baten con moitas dificultades á hora de informaren sobre as características comunicativas, pragmáticas e situativas das UUFF (Wotjak 2006: 185-186), pois aínda que se iniciaron traballos verbo do uso das UUFF nalgúns xéneros de texto, en determinados ámbitos especializados e en relación coas marcas diatópicas, diastráticas e diafásicas coas que poderían vincularse, “no se han reflejado debidamente estos análisis, que, una vez más, escasean todavía para el español en la práctica fraseográfica” (Wotjak 2006: 185). Polo que se refire á fraseoloxía contida nos dicionarios bilingües entre o español e outras linguas, a situación non parece máis esperanzadora (véxase Navarro (2008: 127-143) e as súas conclusións sobre a fraseoloxía nos dicionarios bilingües español / italiano).

¹⁸ Haberá que interpretar como socialmente neutros aqueles lemas ou acepcións que non leven ningunha das marcas que acabamos de enumerar.

1) Cada sociolecto terá a súa propia variación diafásica ou estilística, de maneira que o que é menos formal para un falante pertencente a un estrato sociocultural elevado pode ser neutro ou mesmo esmerado noutros falantes. Os estilos, polo tanto, non actúan independentemente, senón en relación cun determinado estrato sociocultural. Esta é a razón que leva a López Morales (2010: 388-389) a defender que:

Un lexema no puede ser calificado de usual en estilo 'espontáneo' o 'esmerado', si estas marcas no van acompañadas de otra que indique la categoría inmediatamente superior: el sociolecto al que pertenecen. [...] A esto solo hay una excepción: aquellos casos en que la palabra se usa solo en un determinado estilo en todos los sociolectos. Aquí, el sociolecto queda neutralizado, y solo se marca el estilo.

Ademais do sociolecto, a orixe xeolectal do falante tamén favorece que este adquira uns hábitos lingüísticos que poden dar lugar a expresións particulares dentro do ámbito do máis coloquial.

2) As diferentes maneiras que ten un falante á hora de expresarse situaríanse nun *continuum* que se estende dende unha fala completamente coidada ata outra totalmente espontánea. Aínda que non hai consenso á hora de utilizarmos unha única clasificación de estilos, establecer os seus límites e compartir unhas mesmas denominacións, unha das distincións máis utilizadas é aquela á que alude López Morales (2010) entre o estilo coidado (formal) e espontáneo (informal) nas manifestacións de fala. Por outra banda, e segundo os resultados ofrecidos por algunhas investigacións (Briz 2001: 26; López Morales 2010: 388), os estilos lingüísticos que manexarán os falantes dependerán principalmente da situación de comunicación, na que deberán considerarse unha serie de condicións para a produción e maila recepción dos discursos: a relación de proximidade entre os interlocutores, o seu saber e experiencias compartidas, o tema da conversa, a cotidianidade ou o grao de planificación do discurso.

Malia este importante avance teórico auspiciado pola disciplina sociolingüística con relación á organización da marcación sociolingüística, na práctica cómprenos recoñecer que non é doado manexar a idea de que o estilo é un exemplo de variación que depende das diferentes situacións comunicativas, pero que non deixa de estar intimamente relacionado coa caracterización xeográfica e sociocultural do falante, xa que aínda non contamos para a lingua española con estudos sociolingüísticos en toda a súa xeografía que nos permitan coñecer cómo é a variación diafásica ou estilística en cada sociolecto. A esta dificultade engádesse tamén que:

1) A creación dos termos *diastratía* e *diafasía* é relativamente recente (Casas Gómez 1993: 99), de maneira que as interferencias entre un tipo de variación e outro segue sendo hoxe unha realidade. Como exemplo dun caso intermedio entre o diastrático e o diafásico podemos propor a implicación mutua e os límites nada claros que hai entre o nivel de lingua popular e o estilo de lingua coloquial ou informal, pois as dúas variantes nalgunhas descripcións poden significar simultaneamente tanto o social como o estilístico. Con todo, pensamos que o uso do termo *popular* como marca diafásica resulta inadecuado, xa que remite á marcación diastrática (Casas Gómez e Escoriza Morera 2009: 168).

2) A caracterización da diastratía e a diafasía non está totalmente establecida pola lingüística teórica. Como botón de mostra da complexidade que acarrea a delimitación da variación diafásica, poden consultarse os traballos de Casas Gómez (1993: 99-101) ou Casas Gómez e Escoriza Morera (2009: 157-158), nos que se ofrece unha relación das diferentes variantes que chegou a abarcar o termo na teoría lingüística, dependendo dos distintos investigadores: variantes en función dos estilos de lingua (*usual* ou *corrente*, *público* ou *solemne*, *vulgar*, *familiar* ou *coloquial*); variantes a partir da diferenciación entre a linguaxe falada e a linguaxe escrita (dimensión diamésica); variantes vinculadas con modalidades expresivas de orde estilística e pragmática (*pexorativa*, *afectiva*, *meliorativa*, *intensiva*, *eufemística*, *humorística* e *irónica*); variantes de carácter diasexual (diferenzas entre homes e mulleres) e diaxeracional (variación de acordo coa idade ou a xeración); variantes en función das diferentes linguaxes especializadas (*xergais*, *sectoriais* e *técnico-científicas*). Ante esta complexidade, Casas Gómez (1993: 101) conclúe que “estamos ante subsistemas dificilmente definibles por criterios homogéneos”¹⁹.

3) Os resultados obtidos pola investigación lingüística non sempre tiveron eco no avance da técnica lexicográfica. Neste sentido, as palabras de Garriga (1997: 102) son moi clarificadoras:

El avance de la teoría lingüística, con el desarrollo de disciplinas como la semántica y la dialectología, y la aparición de otras nuevas como la sociolingüística y la pragmática, solo han influido tímidamente en este aspecto de la lexicografía, que sistematiza un poco más esta información, pero que sigue nutriéndose de la técnica tradicionalmente consolidada, basada en la práctica intuitiva del lexicógrafo que echa mano de su propia competencia lingüística a la hora de valorar el uso de las unidades léxicas. En el caso del español, como se ha podido ver una vez más, esa tradición está encarnada por la Academia.

Consonte a información presentada, podemos concluír que: a) por unha banda, as acontacións diastráticas e diafásicas do léxico son difíciles de clasificar mediante a práctica de criterios rigorosos (Haensch 1982: 493), maiormente cando o uso da lingua se presenta en certas situacións (Garcés e Garriga 2010: 172, nota 1); b) por outra banda, as limitacións referidas á caracterización e atribución das marcas de estilo trasládanse de maneira inexorable aos dicionarios que nos prólogos e páxinas introdutorias non adoitan ofrecer explicacións claras sobre qué procedementos se aplicaron á hora de asignar as marcas diafásicas e, polo tanto, non se especifica cal é o valor que achega cada marca. E é neste contexto no que hai que comprender a tan comentada subxectividade do lexicógrafo, acentuada, maiormente, por estes dous feitos: a) que o redactor dun dicionario non se pode abstraer do seu entorno; b) e que este non conta coa información suficiente sobre a xeolingüística, a sociolingüística, a estilística e a pragmática da lingua española en toda a súa extensión (Moreno Fernández 2000: 166). Por este motivo, moitas das marcas de uso que aparecen nos dicionarios son froito da propia competencia lingüística do redactor do

¹⁹ Aínda que a teoría lingüística contribúa á heteroxeneidade e diversidade da diafasía, a sociolingüística límitaa e vincúlaa explicitamente coa situación de emprego comunicativo.

dicionario. Debemos ter presente, ademais, que o mencionado e criticado subxectivismo do lexicógrafo, así como a escasa sistematización do número de marcas, vinculouse moito máis coas indicacións sobre o uso social e estilístico ca con outros tipos de etiquetados (históricos, xeográficos, técnicos...).

Malia as dificultades prácticas que no seo da lexicografía hispánica implica a atribución das marcas difásicas, derivadas dos problemas teóricos da lingüística á hora de recoñecer a variación no emprego social dos termos (Lara 1997: 249), cremos que para calquera investigador interesado neste tema os dicionarios han de ser un punto de partida e de consulta obrigada. A consideración doutras posibles ferramentas servirannos, *a posteriori*, para constatar ou refutar a información proporcionada por aqueles. É por iso que no labor actual que estamos levando a cabo sobre a marcación diafásica dun corpus de locucións verbais, tomamos como punto de partida a información proporcionada por catro dicionarios monolingües do español: *Diccionario de la lengua española* (DRAE), 2001, 22ª ed; *Diccionario para la enseñanza de la lengua española* (DIPELE), Moreno Fernández (dir.), 1995; *Diccionario Salamanca de la lengua española* (SALAMANCA), Gutiérrez Cuadrado (dir.), 1996a; e *Gran diccionario de uso del español actual* (GDUEA), Sánchez Pérez (dir.), 2001.

A consulta da información contida nas páxinas introdutorias dos dicionarios, así como a análise dos procedementos empregados na súa microestrutura á hora de asignar marcas de uso permitíronnos, en primeiro lugar, comparar a información sobre a variación diafásica proporcionada e, en segundo lugar, cando os datos non foron discordantes, aproveitar esa información para vincular a locución cun estilo determinado; independentemente de que despois se confirmase ou non esta marcación inicial co manexo doutros criterios. A continuación, ofrecemos as conclusións que extraemos da análise dos catro dicionarios que tomamos como referencia.

En primeiro lugar, en canto á información diafásica proporcionada polas marcas utilizadas nos dicionarios, coa excepción do DIPELE e do SALAMANCA²⁰, os dicionarios non ofrecen nas súas páxinas introdutorias unha explicación previa sobre a aplicación na microestrutura dun determinado inventario de marcas. Da mesma maneira, no cadro de abreviaturas que inclúen recóllese só o equivalente dunha abreviatura sen definir o valor específico que cada dicionario atribúe a unha marca. Por esta razón, resulta difícil saber qué aproxima ou qué distingue dunha maneira clara ás locucións cando aparecen coas marcas ‘coloquial’ (DRAE, GDUEA, SALAMANCA), familiar (DIPELE) ou ‘informal’ (GDUEA), tal e como pode comprobarse nos seguintes exemplos:

aguantar mecha: coloquial (DRAE, SALAMANCA), familiar (DIPELE), informal (GDUEA)

alterar los nervios: coloquial (DRAE), familiar (DIPELE), informal (GDUEA)

²⁰ Estes dous dicionarios si reservan nas súas páxinas introdutorias unha atención á información sobre o uso, sobre todo o SALAMANCA. A propósito deste dicionario, cómpre lembrar que foi o único dos examinados que explica na súa “Introducción” o esforzo levado a cabo por sistematizar as informacións que teñen que ver co uso e que completan o significado das palabras.

casarla: coloquial (DRAE, GDUEA, SALAMANCA), familiar (DIPELE)

Aínda que esta dificultade parece resolverse cando consultamos as acepcións e os exemplos que os dicionarios proporcionan para os lemas *coloquial*, *familiar* e *informal*, pois conseguen aclarar un pouco máis o alcance de cada unha das marcas.

DIPELE: **familiar** [...] 2 Que es sencillo y llano: *se tratan de un modo muy ~; con sus amigos siempre emplea un estilo ~ y cariñoso.*

DRAE: **coloquial** [...] 2. adj. Propio de una conversación informal y distendida. *Expresión coloquial. Tono, estilo coloquial.*

GDUEA: **coloquial** [...] adj. Se aplica a las palabras, expresiones, etc., que se usan en contextos o situaciones no formales, gen. en el lenguaje hablado (p. ej. en una conversación con un amigo): *Hablaba en tono coloquial y familiar.* **Informal** [...] 1. Se aplica a lo que es o se realiza de forma relajada y distendida, en oposición a aquello que requiere formalismo, convencionalismo o solemnidad.

SALAMANCA: **coloquial** [...] 2 [Lenguaje, expresión] que se utiliza normalmente en la conversación pero que también puede emplearse por escrito o en la literatura: *frase coloquial, giro coloquial. Elvira nos explicó sus ideas en un lenguaje coloquial. Este autor inserta expresiones coloquiales en un lenguaje culto.*

O coñecemento desta información permítenos afirmar que, por unha banda, as marcas *coloquial*, *familiar* e *informal* manteñen unha certa proximidade co valor que na nosa investigación reservamos para a marca *inf.* (*informal*); e, por outra banda, que aínda que os dicionarios utilicen un sistema diferente de marcas, a comparación das súas acepcións evidencia que están ofrecendo, en termos xerais, unha información diafásica bastante parecida. Aínda así, pensamos que é nas páxinas introdutorias onde os dicionarios deberían incluír unha caracterización precisa sobre o contido das marcas, de maneira que calquera usuario coñecese previamente as restricións que implica a aparición dunha determinada marca na microestrutura do dicionario²¹. Por outro lado, o feito de que cada dicionario empregue o seu propio sistema de marcas evidencia a necesidade de acometer canto antes unha normalización de criterios no seo da lexicografía hispánica, se queremos que a asignación de valores diafásicos ás locucións se converta nunha práctica regular, sistemática e útil.

En segundo lugar, e con relación aos datos proporcionados polos dicionarios sobre as locucións que forman parte do noso corpus, podemos comprobar que:

1) Hai exemplos de locucións para os que todos os dicionarios coincidiron á hora de vincularlos cun estilo de lingua concreto, como é o caso de:

aguantar mecha: coloquial (DRAE, GDUEA, SALAMANCA), familiar (DIPELE),
batir palmas: sin marca (DIPELE, DRAE, GDUEA, SALAMANCA)

²¹ Sobre todo cando un dicionario utiliza dúas etiquetas diferentes á hora de marcar as súas unidades e o contido que aquelas ofrecen resulta bastante próximo para o usuario. Este é o caso do GDUEA, no que unhas locucións aparecen como *coloquiales* (*buscarse los garbanzos, cantar las cuarenta, dar la espalda*) e outras como *informales* (*abrirse la boca, aflojar la mosca, brillar por su ausencia*).

crispar los nervios: coloquial (DRAE, SALAMANCA), familiar (DIPELE), informal (GDUEA)

Esta proximidade entre a información ofrecida polos dicionarios facilitounos, nesta primeira fase da investigación, marcar as locucións de acordo coa información que aqueles nos proporcionaban, de maneira que as locucións *aguantar mecha* e *crispar los nervios* aparecen inicialmente coa marca *inf.*, mentres que a locución *batir palmas* se considera neutra.

2) Noutros casos, a locución non sempre se recolle en todos os dicionarios e cando estes a rexistran non ofrecen unha información uniforme, de maneira que non queda realmente claro cal é o estilo de lingua co que podemos vincular a locución, tal e como pode comprobarse coas seguintes locucións:

afilarse las uñas: frase coloquial (DRAE), non rexistrada (DIPELE), sen marca (GDUEA, SALAMANCA)

apretarse el cinturón: coloquial (SALAMANCA), familiar (DIPELE), sen marca (DRAE, GDUEA)

bailar con la más fea: coloquial (SALAMANCA), non rexistrada (DIPELE, DRAE), sen marca (GDUEA)

3) Hai outras locucións que non aparecen documentadas en ningún dos dicionarios. Este é o caso de *bajar a los infernos*, *dañar la vista* ou *caber en suerte*.

En virtude dos resultados obtidos, é evidente que para o caso concreto das locucións citadas en 2) e 3), e de todos os exemplos que queden incluídos nestes mesmos grupos, os dicionarios xerais de lingua non nos permitiron establecer unha vinculación inicial entre a locución e o seu uso estilístico.

3. As marcas de estilo nos dicionarios fraseolóxicos

Dende hai xa algunhas décadas viron a luz varios dicionarios que recollen entre as súas páxinas diferentes clases de locucións. Aínda que o termo *locución* aparece no título dunha boa parte deles, cómpre lembrar que non todos van ser compilacións exclusivas de locucións, posto que tamén documentan outros tipos de UUFF.

O noso interese pola marcación diafásica das locucións levounos, nunha segunda fase da investigación, a examinar diferentes dicionarios fraseolóxicos nos que se recolleron estas unidades²², e nos que se ofrece algún tipo de información vinculada co seu uso. En función do volume de locucións rexistradas e da natureza da información diafásica proporcionada, valoraremos se estas obras nos poden resultar útiles para a marcación que estamos levando a cabo no noso corpus. Coidamos que esta comenencia se exemplificará especialmente con aquelas locucións que non aparecen rexistradas nos dicionarios xerais e con aquelas outras para as que os dicionarios citados non comparten os datos ofrecidos. Da mesma maneira, os dicionarios fraseolóxicos tamén se utilizarán para constatar ou non

²² Todos os dicionarios consultados están restrinxidos ao español de España.

a vinculación que na primeira fase da nosa investigación propuxemos entre unha locución e o seu emprego estilístico.

Dada a singularidade de cada un dos dicionarios fraseolóxicos examinados, pareceunos oportuno presentalos en dous grupos diferenciados: 1) dicionarios específicos sobre locucións, 2) dicionarios nos que as locucións son unha clase máis do volume de UUFF recollidas.

3.1. Dicionarios específicos sobre locucións

Grazas ao labor de Penadés Martínez, contamos para a variedade peninsular do español actual coas únicas obras lexicográficas destinadas exclusivamente ás locucións. Cada un dos dicionarios centrouse nas seguintes clases de locucións: 1) locucións verbais (Penadés Martínez 2002), 2) locucións adverbiais (Penadés Martínez 2005) e 3) locucións nominais, adxectivas e pronominais (Penadés Martínez 2008).

Verbo da información diafásica proporcionada para as distintas clases de locucións, a autora manifesta explicitamente que cando as acepcións das locucións aparecen acompañadas da abreviatura *infor*: (informal) se está informando de que a acepción se emprega en situacións informais, familiares ou de confianza (*echarse al cinto*, *ligar bronce*, *ponerse morado*), e que as acepcións que non levan ningunha marca explícita corresponden a un uso normal ou estándar da lingua (*arrojar el guante*, *caer bien*, *cruzarse de brazos*).

Canto á utilidade da obra de Penadés Martínez para a nosa investigación²³, a súa consulta resultounos moi proveitosa porque ofrece, de maneira sistemática e sen ambigüidades, datos moi precisos sobre a diafasía. Ao comparar a información contida no DICLOCVER coa proporcionada polos dicionarios xerais de lingua puidemos constatar que:

1) hai locucións nas que os dicionarios xerais e o DICLOCVER coinciden:

abrir en canal (sen marca)
abrir la mano (sen marca)
aguantar mecha (informal)

2) noutros casos non hai unha correspondencia absoluta entre os dicionarios:

alzar la voz: coloquial (DRAE), informal (DICLOCVER), sen marca (GDUEA, SALAMANCA)
andarse por las ramas: coloquial (DRAE, SALAMANCA), informal (DICLOCVER), sen marca (DIPELE, GDUEA)
apretarse el cinturón: coloquial (SALAMANCA), familiar (DIPELE), informal (DICLOCVER), sen marca (DRAE, GDUEA)

3) o dicionario fraseolóxico recolle exemplos de locucións do noso corpus que non están documentadas no resto:

²³ Posto que as locucións que forman parte do noso corpus pertencen ao grupo das verbais, a consulta da obra de Penadés Martínez restrinxíuse ao *Diccionario de locuciones verbales para la enseñanza del español* (DICLOCVER), 2002.

alterar la sangre (informal)
caer por tierra (sen marca)
dar cima (sen marca)

3.2. Dicionarios nos que as locucións son unha clase máis do volume de UUFF recollidas

Verbo da selección dos dicionarios que forman parte deste grupo, tomamos como punto de partida que o dicionario faga algún tipo de alusión ao estilo de lingua co que está relacionado o material fraseolóxico que contén; ou que inclúa algunha marca ou algún sistema de marcación que permita vincular as locucións cun valor diafásico determinado. Por este motivo consideramos os datos proporcionados polo título, as páxinas introdutorias, o índice de abreviaturas, a presentación de cada capítulo e a microestrutura do dicionario.

Diccionario fraseológico del español moderno, Varela e Kubarth (1994). Aínda que as locucións ocupan unha boa parte das entradas deste dicionario, tamén acolle complexos fraseolóxicos con casas baleiras (verbo + *que* (te/le) + verbo: *habla que te habla*) e expresións (*dicho sea de paso*). Todo o material fraseolóxico aparece acompañado por unha serie de abreviaturas que indican o seu ámbito de aplicación. Consonte as palabras utilizadas polos autores na “Introducción” (páx. 14), a abreviatura *f. (formal)* “se refiere a situaciones donde se debe o puede hablar oficialmente”. Con esta marca etiquetáronse, por exemplo, as locucións *echar abajo*, *hacer acto de presencia* ou *venirse abajo*. Pola súa banda, a abreviatura *inf. (informal)* “se refiere a un ámbito máis limitado, como, por ejemplo, la familia o una amistad sin demasiadas confianzas donde la despreocupación se conjuga con un cierto respeto”. Este é o estilo co que aparecen vinculadas as locucións *esperar como el santo advenimiento*, *nadar en la abundancia* ou *no necesitar abuela*. E por último, a abreviatura *rest. (restringido)* “se refiere a todas aquellas situaciones en las que se pueden o quieren romper todas las barreras y contenciones que imponen las convenciones sociales”. Non é grande o número de locucións que levan esta marca (*cascársela*, *tener cojones* ou *tocar los cojones*).

A consulta do *Diccionario fraseológico del español moderno* evidencia que todas as UUFF van acompañadas sistematicamente por unha abreviatura; aínda que con este procedemento, como xa sinalou Penadés Martínez (2002-2003), o dicionario parece seguir os criterios do DRAE nos seguintes termos: cando o DRAE marca unha UF como *fam. (familiar)*²⁴, o *Diccionario* utiliza a marca *inf. (bailar el agua, bajar el diapasón ou bajar la cabeza)*, e cando o DRAE non contén ningunha marca, o *Diccionario* emprega a marca *f. (bajar el tono, bajar la cerviz ou batirse en retirada)*²⁵. Tendo en conta a aplicación deste sistema de marcación, a consulta do *Diccionario fraseológico del español moderno* non resulta proveitosa para os obxectivos da nosa investigación, pois este reproduce unha parte da información que xa nos proporcionou o dicionario académico (co emprego da marca

²⁴ A partir da edición de 2001 utilízase a marca *coloq.* (coloquial).

²⁵ Esta maneira de proceder non se seguiu nalgúns casos, como en *barrer hacia adentro* (sen marca, DRAE; informal, *Diccionario fraseológico*) ou *bailar al son que le toca* (coloquial, DRAE; formal, *Diccionario fraseológico*).

informal) e cataloga sistematicamente como formais aquelas locucións que a Academia vincula cun estilo de lingua máis neutro.

Del hecho al dicho, Doval (1995). Aínda que no “Prólogo” da obra non se dedica ningunha atención específica ao tipo de lingua co que se vai relacionar o material fraseolóxico, no capítulo dedicado a “Modismos y locuciones” (páxs. 65-191) hai un número moi reducido de locucións coa marca *frase familiar* (*atar los perros con longaniza, hacer rancho aparte* ou *llegar y besar el santo*) ou *modismo coloquial* (*echar un polvo* ou *estar en bolas*). Aínda así, en ningún apartado se explica qué información achegan os termos *frase familiar* e *modismo coloquial*. Este dicionario reduce as dúas marcas citadas a moi poucos casos de locucións e non marca a maior parte das locucións que contén e que (segundo a información dos dicionarios monolingües e o DICLOCVER) teñen uso informal (*aflojar la mosca, armarse la gorda* ou *buscar tres pies al gato*); todo isto fai que a súa consulta non resulte significativa para os obxectivos da nosa investigación.

Diccionario del español coloquial. Dichos, modismos y locuciones populares, Martín Sánchez (1997). No “Prólogo” indícase que a colección fraseolóxica recolle, por palabras clave, “los dichos, modismos y locuciones populares más utilizados” (páx. 8), así como outros que están en desuso “pero que tuvieron una vigencia coloquial muy importante antaño” (páx. 8). Tanto polo título como por esta declaración de intencións, o lector pode pensar que os termos *coloquial* e *popular* comparten unha parcela común de significado e que todas as UUFF documentadas polo dicionario son propias da lingua informal²⁶. Por esta razón, o feito de que os dicionarios monolingües ou o DICLOCVER non ofrezan ningún tipo de restrición para as locucións que Martín Sánchez recolle como informais (como por exemplo, *cantar victoria, dar alas* ou *tomar buena nota*), lévanos a recoñecer o escaso proveito deste dicionario para o noso labor actual de marcación²⁷.

Modismos del español. 3.500 modismos y locuciones familiares singularmente expresivos o representativos, vigentes en la lengua hablada y escrita, Pérez-Rioja (1997). Ademais de adiantar no título que as UUFF recollidas están vinculadas co ámbito familiar, no “Prólogo” vólvese facer alusión a esta particularidade da obra e na “Introducción” ofrécese unha definición de *lengua coloquial* ou *familiar*: “el habla tal como brota, natural y espontánea, en la conversación diaria” (páx. 18). Xa que no título e nas páxinas introdutorias xa se di que o material recompilado no dicionario forma parte da lingua coloquial ou familiar, non se entende por qué para algunhas locucións concretas se inclúen as seguintes etiquetas²⁸: a) *expresión coloquial* (*partir por el eje*), b) *lenguaje coloquial* (*matar el gusanillo*), c) *expresión familiar* (*cortar por lo sano, helársele el corazón* ou *perder comba*), d) *frase familiar* (*morirse de risa, pagar la novatada* ou *ser todo el monte orégano*). Con relación ao uso coloquial ou familiar de todo o corpus de locucións recollido, detectamos neste

²⁶ A teor desta conclusión xeral, sorprende bastante que no índice de “Abreviaturas” se recolla explicitamente a marca *coloq.* (coloquialmente), aínda que despois se utilice cun número moi reducido de locucións (*apear el tratamiento, hacer un pie agua* ou *mear agua bendita*).

²⁷ Loxicamente non faltaron exemplos de locucións que os dicionarios monolingües e o DICLOCVER relacionan tamén co emprego informal da lingua (*aguar la fiesta, brillar por su ausencia* ou *bajar la cabeza*).

²⁸ Sobre elas non se ofrece ningún tipo de explicación ou aclaración.

dicionario o mesmo problema do dicionario de Martín Sánchez, posto que recolle un número significativo de locucións que os dicionarios monolingües ou o DICLOCVER vinculan cunha lingua neutra (*abrir boca, abrirse camino* ou *estar fuera de cuenta*)²⁹.

Diccionario Akal del español coloquial. 1492 expresiones y más, Ramos e Serradilla (2000). Os autores indican ao lector na “Introducción” que o dicionario ofrece “cuantas expresiones populares o coloquiales necesita adquirir, utilizar, consultar y puntualizar” (páx. 8). Por conseguinte, todas as locucións recolectadas están vinculadas cun estilo de lingua máis informal. Coma nos dous dicionarios anteriores, a consulta da obra de Ramos e Serradilla evidencia que xunto ás locucións que os dicionarios xerais de lingua e o DICLOCVER vincularan co uso informal (*ahuecar el ala, beber los vientos* ou *caérsele el alma a los pies*), hai outras moitas que non presentaban naqueles esa restrición (*abrir la mano, atar cabos* ou *ganarse la vida*).

Diccionario fraseológico documentado del español actual (DFDEA), Seco, Andrés e Ramos (2004). No apartado “Sobre este diccionario” (páxs. 16-17) os autores indican que a obra recolle os seguintes tipos de UUFF: locucións en sentido estrito (*meter las narices, a ojo de buen cubero*), locucións en sentido amplo (colocacións³⁰: *dar corte, prestar atención*; construcións de sentido comparativo: *más largo que un día sin pan, más lento que el caballo del malo*), fórmulas oracionais (*no hay más cera que la que arde, y adiós muy buenas*) e fórmulas expletivas (*ni gaitas, y todo eso*). Por outro lado, e cando a información así o require, despois da categoría inclúese unha serie de marcas sobre o “nivel de uso” (páx. 23) da locución no sentido en que se define. A ausencia destas etiquetas indícanos que a acepción en cuestión é normal ou xeral na lingua. As marcas que informan sobre o nivel de uso son as seguintes: *col* (coloquial), *pop* (popular), *vulg* (vulgar), *jerg* (jergal), *juv* (juvenil) e *lit* (literario). O dicionario ofrece o valor exacto de cada unha delas no “Glosario de términos lingüísticos utilizados” (páxs. 29-32). Verbo da información específica sobre o uso estilístico das locucións, esta proporcionouse grazas aos termos *coloquial* (“Uso propio de la conversación informal o de una situación distendida”, páx. 28): *darle a la colorada, echarla larga* ou *ir de cráneo*; e *literario* (“Uso propio, en general, de obras literarias, o de la lengua escrita, o de situaciones formales; en especial de la expresión voluntariamente elegante o elevada –aunque sea de nivel popular”): *acogerse a sagrado, alzar sobre el pavés* ou *pedir cotufas en el golfo*.

De todos os dicionarios fraseolóxicos que apareceron para a lingua española, sen lugar a dúbidas o DFDEA é a obra máis completa dende o punto de vista da praxe lexicográfica e a que compila o maior volume de UUFF³¹. Ademais, o dicionario ofrece información relativa ao uso estilístico das acepcións das locucións dunha maneira sistemática, o que o converte nunha obra de consulta obrigada para o coñecemento da lingua e para o noso labor actual de marcación. Se comparamos a información contida no DFDEA ca proporcionada polos dicionarios xerais de lingua e o DICLOCVER, podemos apreciar que:

²⁹ Xunto a estas hai outras locucións que os dicionarios citados presentan como informais (*cambiar de chaqueta, mandar a freír espárragos* ou *poner de vuelta y media*).

³⁰ Estas non se diferencian das locucións mediante unha marca determinada.

³¹ O número de unidades e variantes ascende a unhas 16.000.

1) os dicionarios xerais de lingua e o DICLOCVER coinciden co DFDEA na información ofrecida sobre o uso dalgunhas locucións:

aguantar mecha: coloquial
bajar la guardia: sin marca
dar cien patadas: coloquial

2) os dicionarios xerais de lingua e o DICLOCVER vinculan a locución cun estilo de lingua que non se corresponde co proporcionado polo DFDEA:

caérsele el alma a los pies: informal (dicionarios xerais e DICLOCVER), sen marca (DFDEA)
cerrar los ojos: coloquial (DFDEA), sen marca (dicionarios xerais e DICLOCVER)
dar alas: coloquial (DFDEA), sen marca (dicionarios xerais e DICLOCVER)

3) a información que ofrecen os dicionarios non é homoxénea:

caer chuzos de punta: coloquial (DFDEA, DRAE), informal (DICLOCVER) sen marca (DIPELE, GDUEA, SALAMANCA)
caerse redondo: coloquial (SALAMANCA), familiar (DIPELE), sen marca (DRAE, GDUEA, DFDEA)
caérsele la cara de vergüenza: coloquial (DFDEA, DRAE, SALAMANCA), informal (DICLOCVER), sen marca (DIPELE, GDUEA)

4) a locución rexistrada no DFDEA non está incluída no resto de dicionarios:

bajarse de la parra (coloquial)
caber en suerte (sen marca)
dañar la vista (coloquial)

Diccionario de fraseología española. Locuciones, idiotismos, modismos y frases hechas usuales en español. Su interpretación, Cantera Ortiz de Urbina e Gomis Blanco (2007). Na “Introducción” (páx. 8) os autores da obra adiantan que:

En este diccionario se recogen las expresiones de la lengua de todos los días: las que oímos de boca de la gente corriente o encontramos en la pluma de escritores cercanos al gran público. Prescindimos, en general, de las que pueden ser consideradas como casi exclusivas de la lengua muy elevada. [...] Lo mismo que las expresiones que llaman malsonantes, salvo las más frecuentes en la lengua normal de todos los días.

Tras a lectura desta cita, deducimos que as UUFF contidas na obra forman parte da lingua xeral, polo que os casos de locucións marcadas na microestrutura do dicionario coas etiquetas *familiar* (*calentársele el morro*, *hacérsele el culo agua* ou *hacérsele el culo pepsicola*) e *popular* (*cambiar el agua al canario* ou *mear agua bendita*)³² están ofrecendo ao lector información sobre o uso restrinxido destas. Con todo, o feito de que se utilicen as dúas marcas citadas en moi poucos exemplos –cando o dicionario contén un número

³² Os autores non ofrecen nun listado previo algunha explicación sobre o valor e o alcance destas marcas.

bastante significativo de locucións que os dicionarios xerais de lingua, o DICLOCVER e o DFDEA relacionan co emprego informal da lingua (*abrir el pico, aburrir hasta a las ovejas* ou *apearse del burro*)—lévanos a afirmar que o *Diccionario de fraseología española* non ten entre os seus obxectivos informar de maneira específica sobre os estilos de lingua cos que están vinculadas as locucións que neste se recollen³³. Esta é a razón pola que a súa consulta non resulta relevante para a marcación do corpus de locucións.

Diccionario de dichos y expresiones del español, Cantera Ortiz de Urbina (2011). Neste repertorio fraseolóxico teñen cabida algunhas locucións, aínda que o seu volumen no é comparable coa obra de Cantera Ortiz de Urbina e Gomis Blanco (2007). Na microestrutura non se cita ningunha marca específica, aínda que na “Introducción” se insista en que “Cada entrada recoge un dicho o una expresión de uso normal en español” (páx. 9). Unha vez máis, este concepto de “uso normal en español” dará entrada a moitas locucións que no noso corpus quedaron vinculadas cun estilo informal de lingua (*acordarse de Santa Bárbara cuando truenas, agarrarse a un clavo ardiendo* ou *bailar el agua*), en virtude da información proporcionada polos dicionarios que estamos manexando para a súa marcación³⁴. Esta maneira de proceder xustifica que esta obra non se considerase significativa para os obxectivos da nosa investigación.

Tras a descrición e a análise que acabamos de presentar en 3.1. e 3.2., resulta evidente que só o DICLOCVER e o DFDEA teñen entre os seus obxectivos informar, de maneira eficiente e sistemática, verbo do uso estilístico das locucións que conteñen. E esta finalidade non só se explica de maneira clara nas páxinas introdutorias, senón que a corrobora despois a información proporcionada na microestrutura dos dous dicionarios. Por esta razón, estamos ante dous repertorios lexicográficos que están sendo de grande utilidade para a marcación do corpus de locucións que nestes momentos estamos levando a cabo, principalmente cando:

1) o DICLOCVER e o DFDEA confirman a marcación inicial que propuxeramos a partir da información ofrecida polos dicionarios xerais de lingua:

aguantar mecha (informal)
bajar la guardia (sen marca)
dar cien patadas (informal)

2) o DICLOCVER e o DFDEA recollen locucións que non estaban incluídas nos dicionarios xerais, e a súa coincidencia na información proporcionada permitiunos vincular o emprego da locución cun estilo determinado:

arrugársele el ombligo: coloquial (DFDEA), informal (DICLOCVER). Estilo de lingua: informal
caer por tierra: sen marca (DFDEA, DICLOCVER). Estilo de lingua: xeral

³³ No *Diccionario* aparecen outras locucións que os dicionarios xerais de lingua e os dous dicionarios fraseolóxicos que estamos utilizando para a marcación tamén relacionan coa lingua xeral. Este é o caso das locucións *abrir el fuego, arrojar el guante* ou *atar cabos*.

³⁴ Da mesma maneira, tamén documenta outras locucións que no noso corpus aparecen sen marca (*cantar la palinodia, cerrar filas* ou *cortarse la coleta*), aínda que o seu número é moi reducido.

cantar las verdades: informal (DICLOCVER), coloquial (DFDEA). Estilo de lingua: informal

3) o DICLOCVER e o DFDEA orientáronnos para tomar unha decisión en relación coa falta de homoxeneidade na información proporcionada polos dicionarios xerais:

caer chuzos de punta: a) dicionarios xerais: coloquial (DRAE), sen marca (DIPELE, GDUEA, SALAMANCA); b) dicionarios fraseolóxicos: coloquial (DFDEA), informal (DICLOCVER). Estilo de lingua: informal

caerse redondo: a) dicionarios xerais: sen marca (DRAE, GDUEA), coloquial (SALAMANCA), familiar (DIPELE); b) dicionarios fraseolóxicos: sen marca (DFDEA, DICLOCVER). Estilo de lingua: xeral

caérsele la cara de vergüenza: a) dicionarios xerais: coloquial (DRAE, SALAMANCA), sen marca (DIPELE, GDUEA); b) dicionarios fraseolóxicos: coloquial (DFDEA), informal (DICLOCVER). Estilo de lingua: informal

A teor da información ofrecida, todos os exemplos citados e o resto de locucións que poidan recollese nos apartados 2) e 3) marcáronse nesta segunda fase da investigación, pois *a priori* a súa vinculación cun estilo de lingua concreto non se podía levar a cabo a partir única e exclusivamente dos datos que ofrecían os dicionarios xerais de lingua.

4. Os estilos lingüísticos e a súa vinculación co contexto de comunicación

Independentemente da utilidade práctica que nos está proporcionando o grupo de dicionarios seleccionados para o noso labor de marcación, a falta de documentación dunha locución ou a información tan heteroxénea que obtemos tras a súa consulta non nos permitiu determinar o estilo de lingua dalgunhas locucións. Esta afirmación podémola aplicar a aquelas locucións que quedan recollidas nos seguintes casos³⁵:

1) Os dicionarios xerais e fraseolóxicos non amosan acordo na información diafásica ofrecida cando rexistran unha locución. Esta situación constatámola na documentación das seguintes locucións: *abrir boca, afilarse las uñas, alzar la voz, andarse por las ramas, apretarse el cinturón, bailar con la más fea, batir(se) el cobre, caer chuzos de punta, caer en el vacío, caérsele el alma a los pies, caérsele la cara de vergüenza, caerse redondo, dar alas, echar un tupido velo* ou *estar al caer*.

2) A recollida das locucións limitouse a dous ou tres dicionarios (xerais ou fraseolóxicos) e os datos ofrecidos sobre o seu uso non coincidiron. Este é o caso das locucións *alzar el gallo, arrugársele el ombligo, bailar en la cuerda floja, besar el suelo que pisa, caer de pie, caer del cielo, caer en brazos de Morfeo, caer en la maldición, comerse un marrón, entrarle en la cabeza, estar con cien ojos, freír la sangre, hacer un traje (a la medida), meter el hombro* ou *pillar el toro*.

³⁵ No listado de locucións que proporcionamos para os tres contextos que imos destacar aparecen incluídas as locucións coas que quedaron descritos os dicionarios nos apartados 2. e 3. Á parte das locucións xa citadas, pareceunos de interese aumentar a súa nómina, de maneira que a mostra sexa máis representativa en cada grupo.

3) As locucións están rexistradas unicamente no DFDEA e non podemos contrastar a información que proporciona co resto de obras lexicográficas. Exemplo deste caso son as seguintes locucións: *ahogar(se) con un pelo* (sen marca), *arreglar el mundo* (coloquial), *bajar a los infiernos* (coloquial), *buscar la boca* (coloquial), *dañar la vista* (coloquial), *dar aire* (sen marca), *caber en suerte* (sen marca) *empezar el melón* (coloquial), *empuñar las armas* (sen marca), *entrarle en la mollera* (coloquial), *estar a la sopa boba* (coloquial), *estar lampando* (informal), *estar mal* (sen marca), *hacer caer del burro* (coloquial), *hacer daño a la vista* (coloquial) ou *ir descaminado* (sen marca).

Para resolvermos os desaxustes, as carencias ou a falta de información que observamos nos datos que se presentaron nos dicionarios xerais e fraseolóxicos manexados, coidamos que pode ser de grande utilidade a consulta de córpora que recollen amplas mostras de lingua oral e escrita, co fin de coñecer en qué tipos de contextos comunicativos adoitan aparecer as locucións. Os textos que examinamos e que nos permitiron contextualizar as locucións proceden de tres córpora: o *Corpus de Referencia del Español Actual* (CREA) e o *Corpus Diacrónico del Español* (CORDE) do banco de datos da Real Academia Española³⁶, e o corpus DAVIES/NEH da Universidade de Brigham Young (Utah)³⁷. Os criterios manexados para a selección, ordenación e etiquetado do material que presentan os córpora utilizados permitiunos dispoñer de mostras totalmente representativas da lingua española e atopar a locución buscada perfectamente documentada, posto que os textos pertencen á lingua escrita e oral, son representativos de diferentes xéneros e subxéneros (novela, teatro, xornal, diálogo, concurso, entrevista...) e nestes desenvólvense diferentes temáticas (política, economía, ocio, astronomía, folclore, asuntos da vida diaria...). E a utilidade destas tres ferramentas lingüísticas³⁸ na nosa tarefa actual de marcación queda xustificada porque pensamos que a análise dos diferentes contextos nos que pode aparecer unha locución é fundamental á hora de tomar decisións sobre o estilo de lingua co que está relacionada, pois compartimos a idea de que o estilo vén determinado pola situación de uso da lingua e, en consecuencia, tanto a conduta lingüística do falante como a interpretación do interlocutor intentan axeitarse ao contexto comunicativo³⁹. Dende esta

³⁶ Os dous córpora son complementarios. O CREA é un corpus representativo do estado actual da lingua, e conta con máis de 160 millóns de formas procedentes de textos datados a partir de 1975. Os textos escritos, tomados de libros, xornais e misceláneas (prospectos, correos electrónicos, blogs...) abarcan materias moi distintas (saúde, artes, finanzas...). A lingua falada, pola súa banda, está representada por transcricións de documentos sonoros, que proveñen maioritariamente, da radio e a televisión. A estes únense tamén materiais procedentes de discursos políticos, conversacións telefónicas, mensaxes en contestadores, diálogos informais... O CORDE, en cambio, recolle preto de 300 millóns de rexistros dende as orixes da lingua ata 1974, e contén textos escritos de moi diferente xénero (en prosa e en verso): textos narrativos, líricos, dramáticos, científico-técnicos, xurídicos, relixiosos, xornalísticos... Os dous córpora están dispoñibles na páxina electrónica da Real Academia Española [<http://www.rae.es>]. A nosa consulta do CORDE limitouse aos textos do século XX.

³⁷ Este corpus creouno Mark Davies e contén máis de 100 millóns de palabras. Os 20 millóns que pertencen ao século XX proveñen de diversas fontes: enciclopedias, xornais, literatura e textos orais. O corpus está dispoñible na seguinte páxina electrónica: [<http://corpusdelespanol.org>].

³⁸ Cando a locución tivo unha documentación baixa nos tres córpora empregados, fixemos uso do buscador *google*, no que restrinximos a busca a textos producidos en España.

³⁹ Ás veces pode acontecer tamén que aínda que a actividade do falar estea adaptada ás particularidades da situación, o falante dea entrada a un estilo diferente. De aquí que tamén teñamos que ter presente que unha situación non implica necesariamente unha unidade estilística.

perspectiva a consulta de córpora lingüísticos resulta ser unha ferramenta imprescindible á hora de tomar calquera decisión sobre a natureza dos contextos nos que pode aparecer unha determinada locución; ademais doutros aspectos que poidan acaparar a atención dos estudosos⁴⁰. Diferentes investigadores (Granger e Meunier 2008: 19; Gries 2008: 15-18) salientaron que a utilización de córpora lingüísticos permitiu avances nos estudos fraseolóxicos nas últimas décadas, e é neste contexto no que as palabras de Sinclair (2008: 16) resultan certeiras:

Perhaps the main reason for the rapid increase in interest in phraseology is the present-day use of text corpora as the principal data-source for language analysis. Phraseology is the ideal point of contact between a corpus and a description, because it accepts surface phenomena, and this, initially, is what a corpus provides; no preprocessing is required, no abstractions, no information such as parts of speech added.

Con relación aos textos que configuraron a mostra que nos serviu de base para a marcación diafásica das locucións, queremos insistir no seguinte: 1) restrinximos ao español de España e ao século XX todos os textos que utilizamos; 2) non partimos dunha porcentaxe previa de tipoloxías textuais, pois analizamos todos os textos proporcionados polos córpora nos que se documentaba a locución en cuestión; 3) o fragmento que seleccionamos de cada texto responde a unha extensión diferente. Loxicamente, este feito é consecuencia dos criterios manexados na confección particular de cada corpus. Grazas á consulta dos tres córpora citados, á hora de relacionarmos unha locución cun uso formal, neutro ou informal, seguimos e combinamos as dúas canles de actuación das que damos conta deseguido.

En primeiro lugar, empregamos as investigacións que se interesaron polos trazos que son propios dun estilo de lingua concreto, coa finalidade de esclarecer se no texto examinado, e no que aparece unha locución, domina un estilo determinado. Aínda que este non é o lugar para ofrecer unha listaxe dos feitos lingüísticos que son propios da lingua formal, neutra ou informal, a consulta de diferentes traballos permitiunos observar que:

1) A maior parte das investigacións emprendidas para a lingua española centráronse na caracterización da lingua coloquial. Aínda que nestas se insista nas dificultades que se derivan dos intentos por definir o concepto de español coloquial ou informal, si que recollen un amplo abano de descrições nas que se ofrecen os trazos lingüísticos que son característicos do uso coloquial da lingua así como o seu funcionamento⁴¹;

⁴⁰ Por exemplo, sobre a aplicación dos córpora no estudo da fraseoloxía contrastiva ou da variación que presentan algunhas UUFF en inglés, véxase Colson (2008) e Philip (2008), respectivamente.

⁴¹ Véxanse, entre outros, os traballos de Briz (1996: 46-63), Briz (2001: 67-104), Cascón Martín (2000), Gaviño Rodríguez (2008) ou Vígara Tauste (1987 e 1992). Ademais de ter en conta as regularidades lingüísticas que de acordo cos diferentes niveis de análises se propuxeron como características dun determinado estilo, prestamos atención a aqueles recursos que son especialmente produtivos na creación de UUFF e que se relacionan coa lingua coloquial. Neste sentido, e consonte os datos proporcionados por Briz (1996: 50-63), é frecuente no español coloquial o emprego dos intensificadores e a súa expresión a través de recursos sintácticos (*subirse por las paredes*, *estar que trina* ou *estar que muerde*) ou léxico-semánticos (metáforas da vida cotiá: *mearse de risa*). Da mesma maneira, en Ruíz Gurillo (1998: 63-64) recóllese que a intensificación ou elativización –característica da lingua oral coloquial– está presente nun bo número de

2) Canto á caracterización do estilo formal, puidemos constatar que vai sendo cada vez máis ampla a nómina de traballos destinados especificamente á descrición lingüística de xéneros discursivos vinculados coa lingua máis elevada⁴². Xunto a estes traballos, os trazos propios da lingua máis formal tamén se inclúen nalgunhas descrições sobre o español coloquial coa intención de amosar as diferenzas existentes entre os dous tipos de trazos contrastados⁴³.

En segundo lugar, consideramos tamén outros feitos de natureza extralingüística que se poñen en funcionamento en calquera situación de comunicación e que nos poden ofrecer algunha pista sobre a posible dominancia dun estilo nun contexto comunicativo⁴⁴. Os factores que examinamos son os seguintes: a situación de comunicación, o tema do discurso e o tipo de xénero. Aínda que non medísemos cuantitativamente o peso de cada un dos tres factores citados, o feito de que estean presentes na comunicación confirma a súa significación dende o punto de vista cualitativo ao identificarmos cal é o estilo de lingua co que podemos vincular un determinado texto. Cómpre ter presente, por unha banda, que os dintitos estilos (formal, neutro ou informal) veñen da relación entre os factores comunicativos; e por outra, que cada factor comunicativo reforza de maneira diferente o estilo dun discurso dependendo das circunstancias comunicativas. Aínda que quede moito por investigar para coñecermos realmente a importancia sobre o estilo de cada un dos factores comunicativos, os resultados dalgúns estudos sobre estes avalan a súa presenza nesta investigación.

A) A situación de comunicación. As diversas situacións nas que os falantes utilizan unha lingua determinan a súa conduta lingüística e extralingüística, na medida en que os falantes intentan axustar os seus actos comunicativos ás regras de situación (coma tal, unha consulta médica, a aula dunha universidade)⁴⁵. E isto é así “porque los hablantes asociamos determinadas organizaciones espaciotemporales a unos hechos comunicativos y no a otros” (Contreras Izquierdo 2008: 82). Por esta razón, se o uso lingüístico dun falante non se acomoda a unha situación comunicativa concreta, diremos que a conduta lingüística desa persoa non é a adecuada⁴⁶.

UUFF, de maneira que as categorías lingüísticas poden ter unha función intensificadora grazas aos seguintes mecanismos: comparacións (*más sordo que una tapia*), estruturas relativas (*que no veas*) ou sintagmas prepositivos (*de lo lindo ou a montón*).

⁴² A modo de exemplo, pode consultarse a análise de Briz (2011) sobre o xuízo oral ou o desenvolvido por Sanz Álava (2007) sobre o español académico.

⁴³ O traballo de Briz (1996) é un claro exemplo deste tipo de investigacións.

⁴⁴ Aínda que non dispoñamos para a lingua española dunha caracterización exacta e unánime sobre os límites que separan o estilo formal, o estilo neutro e o estilo informal, dado que “las posibilidades estilísticas de una comunidad son tantas como puntos existen en la escala de la dimensión situacional” (Moreno Fernández 2005: 102), si podemos examinar o escenario no que ten lugar a comunicación e, por tanto, o xurdimento dunha locución determinada.

⁴⁵ A bibliografía que se ocupou do tema puxo de manifesto que o coñecemento e emprego dos distintos estilos adoita ser proporcional ao nivel de instrución do falante, de xeito que canto máis culto sexa un falante, maior dominio de estilos terá. Por outro lado, a correlación que existe entre os trazos situacionais e o emprego dun estilo non é uniforme, pois estaría matizada pola caracterización sociolectal e dialectal dos falantes. Dada a natureza dos corpóra que manexamos para a nosa investigación, non podemos ter acceso ao perfil social e xeográfico dos falantes que utilizaban as locucións examinadas.

⁴⁶ Pensemos, por exemplo, no caso dun aspirante a un posto de traballo que empregase un ton demasiado coloquial durante unha entrevista de traballo.

Tendo en conta que a situación é un factor determinante para a selección dos diferentes estilos –tanto no oral coma no escrito–, consideramos algunhas das variables manexadas polo grupo de investigación Val.Es.Co. da Universidade de Valencia (Briz 1996: 9; Briz 2001: 26, 42-43; Briz e Grupo Val.Es.Co. 2002: 18) para decidirmos se as situacións comunicativas que estabamos examinando nos córpora manexados daban entrada a un estilo formal, a un estilo neutro ou a un estilo informal. As tres variables consideradas son as seguintes:

1) O tipo de relación que existe entre os participantes nun proceso comunicativo. Segundo Contreras Izquierdo (2008: 82-83), o lugar que ocupe un interlocutor no espazo outorgaralle determinados “dereitos e deberes” con relación ao uso da palabra e informaranos sobre o papel que este pode estar exercendo. A isto hai que engadirle tamén a relación (ou distancia) social –posición, relacións de subordinación, relacións amistosas, parentesco, grao de coñecemento mutuo, etc.– que haxa entre os participantes do intercambio comunicativo, pois esta reflectirase no emprego que fagan da lingua. Dende esta postura e consonte as descrições que se fixeron sobre o uso informal e formal da lingua española, podemos concluír que no uso coloquial oral, por exemplo, actívase unha relación de igualdade entre os interlocutores e dominan os parámetros de +solidariedade e -poder⁴⁷. Fronte a esta caracterización xeral, no uso formal oral adoita poñerse en funcionamento o parámetro de –relación de proximidade⁴⁸. A propósito deste factor, Moreno Fernández (1998/2005: 98) afirmou que:

En general, depende de cada lingua qué tipo de relación entre participantes son relevantes lingüísticamente y en qué medida se reflejan estas relaciones en la gramática y el léxico: cada hablante tiene a su disposición una escala continua de modelos y de unidades, de la cual selecciona, para cada situación, el modelo apropiado.

2) O grao de +/- cotidianidade que ten o discurso. Na modalidade de uso coloquial oral, por exemplo, o marco discursivo viría caracterizado pola relación de familiaridade que os interlocutores teñen nun espazo físico determinado. Pola súa parte, no estilo formal esa relación estaría caracterizada pola ausencia do trazo *familiar*.

3) O grao de +/- planificación do discurso. Se reparamos na conversa coloquial, esta tende a non estar planificada, e isto tradúcese nun escaso control na produción e na aparición de reinicios, vacilacións e voltas atrás. Con isto queremos dicir que os falantes se moven no terreo da espontaneidade e non recorren a discursos previamente elaborados e formalizados. Pola súa parte, na lingua formal domina o carácter planificado⁴⁹.

⁴⁷ A proximidade entre os falantes pode ser social (por exemplo, a establecida pola profesión ou o nivel sociocultural) ou funcional (por exemplo, a función de enfermos que desempeñan dúas persoas que, a pesar de pertenceren a estratos socioculturais moi afastados, comparten a mesma habitación nun hospital). De acordo con Moreno Fernández (2005: 100), os conceptos de *poder* e *solidariedade*, difundidos por Roger Brown dende 1960, resultaron ser uns instrumentos moi útiles para analizar o peso que a relación interpersonal ten sobre o estilo.

⁴⁸ Estreitamente ligado co tema da relación está tamén a actividade que desenvolven o falante e os seus interlocutores (por exemplo, tarefas domésticas / seminario académico).

⁴⁹ Pensemos, por exemplo, nun programa informativo de TV.

B) O tema do discurso. De acordo con Moreno Fernández (2005: 105), o tema dun discurso está moi relacionado co contexto no que este se desenvolve (só se fala dalgúns cousas nalgúns contextos), coas características psicolingüísticas dos interlocutores e co tipo de relación que manteñen os interlocutores (só se fala dalgúns temas con algunhas persoas). Labov resaltou a importancia do tema, pois segundo Moreno Fernández (2005: 105), este investigador demostrou que hai temas que facilitan o uso dunha lingua máis formal (por exemplo, a corrección e a incorrección no emprego da lingua), mentres que outros dan entrada a unha lingua menos formal (por exemplo, o perigo de morte). Os resultados que achegan as investigacións que se ocuparon da conexión que hai entre o estilo e o tema tratado para a lingua española conclúen que mentres que no uso informal da lingua a temática está relacionada coa vida cotiá (ausencia de tecnicismos), o uso formal adoita estar vinculado con temas moito máis especializados (Briz 2001: 41).

C) O xénero discursivo. Este factor ten que ver coa maneira en que o discurso se manifesta. Os estilos dominantes na lingua oral e escrita tamén se vincularon co tipo de xénero. Polo que se refire especificamente á lingua falada, algunhas investigacións relacionan unhas determinadas modalidades con estilos concretos de lingua, tal e como recolle Moreno Fernández (2005: 106) nas seguintes conclusións tomadas de Labov: 1) o estilo pouco formal está presente na conversa rápida, o discurso monologado, a conversa semidirixida e a conversa bilateral libre; 2) o estilo máis formal obtense grazas ás conversas bilaterais dirixidas ou semidirixidas. E ao lado desta clasificación xeral atopamos outros traballos, como os de Briz (2001) e Briz e Grupo Val.Es.Co. (2002: 19), nos que se listan diferentes tipos de discursos orais vinculados tanto ao estilo informal (a conversa cotiá) coma ao estilo formal (o parladoiro, o debate, a entrevista, a mesa redonda, a consulta médica, o xuízo oral ou a conferencia). Con relación á lingua escrita, tamén se estableceu unha conexión entre diferentes tipos de textos e uns estilos de lingua determinados (Briz 2001; Gaviño Rodríguez 2008: 21). Así, por exemplo, mentres que as cartas familiares, a carta a un amigo, a nota persoal e as conversas escritas por chat ou *msn* formarían parte da modalidade de uso escrito coloquial⁵⁰, os textos legais e as cartas oficiais serían o prototipo discursivo do escrito formal. Aínda que algúns tipos de discursos ou textos poidan ordenarse, en liñas xerais, de acordo coa clasificación presentada, non podemos esquecer que en certas ocasións un tipo de discurso ou texto pode achegarse a un prototipo do que, en teoría, se encontraría bastante afastado. Briz (2001: 33) cita o caso concreto dos debates (con trazos do formal escrito: planificado, con reparto previo de papeis, control de turnos por parte do moderador) e a súa posible aproximación a unha conversa coloquial grazas á posta en escena dunha serie de parámetros (marco discursivo familiar, cotidianidade, saber compartido)⁵¹. Por outra banda, tamén hai xéneros vinculados tradicionalmente cunha lingua máis próxima á formalidade, aínda que é evidente nestes a inclusión de trazos

⁵⁰ Outros exemplos de uso escrito coloquial estarían representados naqueles xéneros literarios –o teatro e os textos narrativos, principalmente– nos que se recollen situacións comunicativas nas que domina un estilo informal.

⁵¹ Aínda que non é unha tarefa sinxela separar o que é propiamente coloquial e diferencialo tallantemente do que non o é, compartimos a opinión de Cascón Martín (2000: 12) cando afirma que “existen una serie de rasgos comunes que oponen esta modalidad comunicativa a otras como la narración, la exposición, la descripción, el diálogo culto, formalizado o literario, etc.”

lingüísticos propios do estilo coloquial ou informal, cunha finalidade estratéxica, expresiva ou pedagóxica. Pensemos, por exemplo, en certas narracións ou descricións xornalísticas, ou nos diálogos que aparecen nalgúns xéneros literarios e a entrada intencionada que nestes hai de léxico argótico, da xerga xuvenil ou de reguladores propios da conversa cotiá (*oye, mira*). Tamén convén ter en conta o labor dos textos teatrais ou certas novelas cun estilo máis coloquial nos que se tende a reproducir o uso máis espontáneo da lingua oral. Consonte a información que nos proporcionou a bibliografía manexada, imos ter en conta que o estilo formal e o estilo informal pódense presentar tanto no oral como no escrito; independentemente de que a modalidade escrita se relacione cun maior grao de formalidade (Briz 2001: 27). A existencia dun estilo informal en textos escritos (xornalísticos, novelísticos, epistolares...) dáse cando estes se converten en vehículos de expresión da lingua falada coloquial, de maneira que a eles se trasladan manifestacións propias da comunicación oral cos seguintes trazos situacionais: igualdade e proximidade entre os participantes, marco discursivo familiar e ton informal da comunicación (Briz 2001).

Consonte a información que acabamos de presentar, en cada un dos textos orais e escritos nos que documentamos algunha das locucións que forman parte do noso corpus determinamos, en primeiro lugar, se os trazos lingüísticos que aparecían neles eran propios dun estilo de lingua concreto (formal, neutro ou informal). En segundo lugar, e para completar a información anterior, examinamos o tipo de situación comunicativa, a temática e o xénero cos que podía estar vinculado o texto⁵². Unha análise cualitativa e conxunto de todos os factores orientounos á hora de decidir a información diafásica que debía acompañar a cada locución. Aínda que levamos a cabo este labor con todas as locucións do corpus, foi especialmente útil naqueles casos nos que a consulta dos dicionarios xerais de lingua e os fraseolóxicos non nos resultara proveitosa.

1) Polo que se refire ás locucións para as que os dicionarios xerais e fraseolóxicos non amosan un acordo na información diafásica ofrecida, a análise do contexto comunicativo permitiu relacionar cada unha destas locucións cos seguintes estilos de lingua: a) lingua xeral: *abrir boca, alzar la voz, batir(se) el cobre, caerse redondo, caer en el vacío, dar alas* ou *echar un tupido velo*; b) lingua informal: *afilarse las uñas, andarse por las ramas, apretarse el cinturón, bailar con ls más fea, caer chuzos de punta, caérsele el alma a los pies, caérsele la cara de vergüenza* ou *estar al caer*.

2) Cando a documentación das locucións se limitou a dous ou tres dicionarios (xerais ou fraseolóxicos) e os datos ofrecidos sobre o seu uso non coincidiron, o contexto de comunicación proporcionou a seguinte información diafásica: a) lingua xeral: *bailar en la cuerda floja, caer en la maldición, meter el hombro* ou *pillar el toro*; b) lingua informal: *alzar el gallo, arrugársele el ombligo, besar el suelo que pisa, caer de pie, caer del cielo, caer en brazos de Morfeo, comerse un marrón, entrarle en la cabeza, estar con cien ojos, freír la sangre* ou *hacer un traje (a la medida)*.

⁵² Loxicamente, a organización interna e determinada que ten cada texto non sempre nos facilitou unha análise completa de todos estes factores.

3) Naqueles casos nos que as locucións están rexistradas unicamente no DFDEA e, por conseguinte, non podemos contrastar a información que proporciona co resto de obras lexicográficas, a análise do contexto de comunicación puxo de manifesto dous feitos: a) por unha banda, confirmouse a información diafásica proposta polo dicionario, tal e como pode comprobarse nas seguintes locucións: *bajar a los infiernos* (coloquial), *buscar la boca* (coloquial), *caber en suerte* (sen marca) *empezar el melón* (coloquial), *empuñar las armas* (sen marca), *entrarle en la mollera* (coloquial), *estar a la sopa boba* (coloquial), *estar lampando* (informal), *estar mal* (sen marca), *hacer caer del burro* (coloquial) ou *ir descaminado* (sen marca); b) por outra banda, algunhas locucións quedaron vinculadas cun estilo de lingua que non cadra coa información contida no DFDEA, de maneira que as locucións *arreglar el mundo*, *dañar la vista* ou *hacer daño a la vista* aparecen relacionadas coa lingua xeral; en cambio, as locucións *ahogar(se) con un pelo*, *pegar el petardo* ou *dar aire* levan a marca informal.

Ademais, queremos amentar outro feito que nos pareceu de interese. Aínda que nun bo número de locucións a análise do contexto confirmou o uso que nos proporcionou inicialmente a consulta dos dicionarios, tal e como podemos exemplificar coas locucións *abrir en canal* (lingua xeral), *abrir la mano* (lingua xeral), *aguantar mecha* (informal), *bajar la guardia* (lingua xeral), *batir palmas* (lingua xeral), *crispar los nervios* (informal) ou *dar cien patadas* (informal), déronse algúns casos nos que o exame do contexto de comunicación levounos a modificar a marcación que propuxeramos inicialmente a teor dos datos contidos nos dicionarios. Por esta razón, as locucións *alborotar el avispero*, *arder Troya* ou *bajar de las nubes* acabaron quedando vencelladas a un estilo de lingua informal.

E por último, para exemplificar de qué maneira a análise do contexto comunicativo nos orientou á hora de vincularmos unha locución cun estilo de lingua, utilizaremos as locucións *caer en el vacío* (sen marca, lingua xeral) e *caérsele la cara de vergüenza* (informal) a modo de exemplos.

A) A locución *caer en el vacío* apareceu maioritariamente en textos nos que a lingua utilizada non recolle usos lingüísticos caracterizados como propios do estilo informal. Polo que se refire ao tipo de textos que documentaron a locución, estes pertencen principalmente á prensa escrita, ao ensaio e á descrición novelística, e neles non caracterizamos a temática como cotiá nin podemos calificar a relación entre os interlocutores co parámetro +proximidade.

Texto 1.

[...]- *¿Ha esperado en su fuero interno que le dieran el Nobel?*

- *No. Yo no soy escritor de Nobel.*

- *¿Por qué dice eso?*

- *Porque tienes que estar ahí presente y que las universidades recuerden tu candidatura entre un millar de escritores. Y luego, por los temas que toco y por el modo de escribir. En algunos aspectos soy un escritor difícil, aunque al hacerme viejo se van simplificando las cosas, y esto pasa con la temática y con la prosa también. Yo recuerdo que cuando publiqué el Don Juan, en el 63, tenía muchas esperanzas puestas en esa*

novela, que es quizá la que más me gusta. Sin embargo, fue un fracaso de público y crítica.

- ¿Le afectan esos fracasos?

- Nunca me planteo el éxito de una obra. Cuando ha llegado lo he recibido. Pero en aquella ocasión, no sólo fue por el fracaso del público, sino por los colegas. Cayó en el vacío y los pocos que se ocuparon de la obra no dijeron más que tonterías. Aquella vez sí me afectó.

- ¿Se arrepiente de haber ganado el Planeta y estar en la rueda comercial de los escritores millonarios?

- No. Sirvió para que me leyera mucha gente y, bueno, lo del dinero es mucho menos del que se supone. Hacienda se lleva el 56 por 100, o sea, que se queda en menos de diez millones [...] (CREA, prensa).

Texto 2.

[...] Como advertíamos al principio, cuando el ataque a una fortaleza tenida por inexpugnable alcanza éxito al primer ensayo, sigue el ariete en su obra destructora hasta reducirla a escombros. Esto parece acontecer después de cada una de las crisis periódicas que la Matemática sufre; pero, pasada la primera impresión, se observa que las columnas principales del edificio siguen en pie, como si éste hubiera resurgido de sus ruinas más perfecto y con nuevo vigor. Y es que en la evolución de la Ciencia no se destruye sistema ninguno que esté lógicamente construido, aunque lo haya sido con arreglo a normas ya abandonadas; cada renovación total de la Ciencia lo depura, eliminando impurezas y contradicciones; lo restaura con arreglo a las nuevas tendencias, y lo amplía, haciéndolo apto para resolver los nuevos problemas. Esto ha acontecido con la Geometría. El llamamiento de Klein no cayó en el vacío, y multitud de geómetras se dedicaron con ardor a investigar los cimientos, para dar a esta ciencia la base sólida de que antes carecía, siendo Pasch el primero que logra una edificación rigurosa [...] (CORDE, ensayo).

B) A locución *caérsele la cara de vergüenza* documentouse de maneira case absoluta en textos que proveñen da prensa, a novela e o teatro. Con relación á prensa, os temas que facilitan a aparición da locución están vinculados coa actualidade da sociedade española (a política, os deportes, a economía...) e na maior parte dos textos atópanse usos lingüísticos que son propios da lingua coloquial ou familiar. Canto aos textos pertencentes ao xénero novelístico e ao teatro, a locución adoita aparecer en escenas nas que se reproduce unha interacción informal, a relación entre os interlocutores é próxima e os temas desenvolvidos forman parte da vida cotiá.

Texto 1.

ADELA.- ¿Quieres orinar?

SEGUNDO.- (Mirando el gran tocho de papeles y libros.) Esto lo tiene que saber España entera. Todo, lo voy a explicar todo. Voy a conseguir que se haga justicia de una puñetera vez.

ADELA.- Tienes que orinar.

SEGUNDO.- *Se le va a caer la cara de vergüenza a esa... inhumana. Todo el país sabrá que Antonia López García es una asesina de inválidos.*

ADELA.- *Toma.*

SEGUNDO.- *¿Qué me das?*

ADELA.- *El anillo.*

SEGUNDO.- *¿Para qué?*

ADELA.- *Póntelo, Segun, es de oro, es el de la boda. La televisión lo coge todo, ¿qué van a pensar si te ven sin el anillo de matrimonio? (CREA, novela).*

Texto 2.

[...] *Salieron Tolín y Trini. Ya en el pasillo, cogiendo él por el brazo a la otra, espetole iracundo: - ¿Has visto al muy canalla? ¡Y esto es un noble! Supongo que ahora no seguirás temiendo haberle desobedecido. Plantose Trini frente a Tolín y terciando el mantón, dijo trepidante: - ¡Qué temores ni qué narices, criatura! Contigo y tu Patro ha de ser el cachorro mil veces mejor que si mamara la leche de su ilustre familia. ¡Pesarme haber tirado por ahí solamente las ropas en que lo envolvieron los muy sin entrañas! ¡Arrepentirme de que tengáis en él vosotros dos el chavalillo con que soñabais en balde! ¡Maldita sea mi estampa si no se me hubiese caído la cara de vergüenza como tú y yo hubiésemos sido capaces de igualarnos a esta noble gente! (CORDE, novela).*

5. Conclusións

As reflexións e os resultados que fomos expoñendo ao longo deste artigo, a propósito dos procedementos que poden utilizarse para a marcación diafásica das locucións, tamén se poderían seguir á hora de vincularmos calquera UF cun estilo de lingua determinado.

Como froito do noso labor actual na marcación dun corpus de locucións do español peninsular, describimos ao longo do presente traballo cal está sendo a nosa maneira de proceder ao relacionarmos unha locución cun uso formal, neutro ou informal. Os diferentes recursos que manexamos ata o momento permitíronnos extraer as seguintes conclusións:

- 1) Non son moi numerosas as investigacións lingüísticas en español que se concibiran de maneira específica para asignar o uso que lle corresponde a unha locución determinada, coa excepción dos dicionarios xerais de lingua e dalgúns dicionarios fraseolóxicos.
- 2) A tradición lexicográfica española manexa, en termos xerais, unha serie de marcas que resultan imprecisas e pouco sistemáticas á hora de ofrecer información diafásica.
- 3) Son evidentes os desacordos prácticos que hai entre os dicionarios verbo da atribución ou ausencia deste tipo de contido sociolingüístico.
- 4) A revisión do tratamento da información diafásica que sobre as locucións proporcionan os catro dicionarios xerais de lingua examinados evidencia que: a) agás o DIPELE e o SALAMANCA, os outros dicionarios non ofrecen nas súas páxinas introdutorias unha explicación sobre a aplicación na microestrutura do inventario de marcas sobre o estilo; b) as acepcións para os lemas *familiar* e *coloquial*, que son as dúas marcas que

apareceron ata o momento de maneira exclusiva, poñen de manifesto que a información que comunican está moi próxima; c) resultan bastante numerosos os casos nos que non hai unha correspondencia entre os datos achegados polos diferentes dicionarios; e d) son moi poucos os exemplos de locucións nos que todos os dicionarios que os rexistraran coincidiran á hora de vincularlos cun estilo de lingua concreto.

5) A análise da natureza da información diafásica contida nunha serie de dicionarios fraseolóxicos evidencia que só o DICLOCVER e o DFDEA teñen como finalidade informar, dunha maneira sistemática, sobre o estilo de lingua ao que se pode vincular o corpus de locucións que conteñen.

6) O exame do contexto de comunicación no que ten lugar a ocorrencia dunha locución, grazas á consulta dunha serie de textos orais e escritos en tres córpora de lingua (CREA, CORDE e DAVIES/NEH), está resultando unha ferramenta lingüística determinante para resolvermos algúns dos desaxustes e as carencias que observamos nos datos facilitados polos dicionarios xerais e fraseolóxicos consultados. A consideración dos trazos lingüísticos dos textos, o estudo cualitativo da situación de comunicación, a temática e o tipo de xénero estanos orientando dunha maneira eficiente á hora de decidirmos cal é o estilo de lingua que domina nun texto e, por esa razón, cal é o estilo que facilita a aparición dunha determinada locución verbal. Pensamos que o uso dos tres córpora representativos da lingua española que manexamos foi un recurso fundamental na vinculación dunha locución co estilo de lingua que lle corresponde.

6. Bibliografía

6.1. Bibliografía primaria

- CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2011): *Diccionario de dichos y expresiones del español*. Madrid: Abada Editores.
- CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús e GOMIS BLANCO, Pedro (2007): *Diccionario de fraseología española. Locuciones, idiotismos, modismos y frases hechas usuales en español. Su interpretación*. Madrid: Abada Editores.
- DFDEA = SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia de e RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Madrid: Aguilar.
- DICLOCVER = PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2002): *Diccionario de locuciones verbales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.
- DIPELE = MORENO FERNÁNDEZ, Francisco (dir.) (1995): *Diccionario para la enseñanza de la lengua española*. Barcelona: Biblograf / Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá de Henares.
- DRAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): *Diccionario de la lengua española*, Madrid: Espasa-Calpe. 22ª ed.
- GDUEA = SÁNCHEZ PÉREZ, Aquilino (dir.) (2001): *Gran diccionario de uso del español actual*. Madrid: SGEL.
- MARTÍN SÁNCHEZ, Manuel (1997): *Diccionario del español coloquial. Dichos, modismos y locuciones populares*. Madrid: Tellus.

- PÉREZ-RIOJA, José Antonio (1997): *Modismos del español. 3.500 modismos y locuciones familiares singularmente expresivos o representativos, vigentes en la lengua hablada y escrita*. Salamanca: Librería Cervantes.
- RAMOS, Alicia e SERRADILLA, Ana (2000): *Diccionario Akal del español coloquial. 1492 expresiones y más*. Madrid: Akal.
- SALAMANCA = GUTIÉRREZ CUADRADO, Juan (dir.) (1996a): *Diccionario SALAMANCA de la lengua española*. Madrid: Santillana.
- VARELA, Fernando e KUBARTH, Hugo (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Gredos.

6.2. Bibliografía secundaria

- BÉJOINT, Henri (2000): *Modern Lexicography. An Introduction*. Oxford: OUP.
- BINON, Jean et alii (2004): “Tendances et innovations récentes en lexicographie pédagogique. La contribution des dictionnaires d’apprentissage” en BATTANER, Paz e DECESARIS, Janet (eds.): *De Lexicografía. Actes del I Symposium Internacional de Lexicografía (Barcelona, 16-18 de maig de 2002)*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada. Universitat Pompeu Fabra; 53-79.
- BRIZ, Antonio (1996): *El español coloquial. Situación y uso*. Madrid: Arco/Libros.
- (1998/2001): *El español coloquial en la conversación. Esbozo de pragmatogramática*. Barcelona: Ariel.
- (2011): “El juicio oral: un subgénero de lo +formal” en FANT, Lars e HARVEY, Ana María (eds.): *El diálogo oral en el mundo hispanohablante. Estudios teóricos y aplicados*. Madrid: Iberoamericana; 139-161.
- (2002): *Corpus de conversaciones coloquiales*. Madrid: Arco/Libros.
- CAMACHO BARREIRO, Aurora Magdalena (2008): “Las marcas sociolingüísticas en una muestra de la lexicografía cubana: tipología y evolución” en *Revista de Lexicografía XIV*, 2008; 43-58.
- CASARES, Julio (1950/1969): *Introducción a la lexicografía moderna*. Madrid: CSIC.
- CASAS GÓMEZ, Miguel (1993): “Consideraciones sobre la variación diafásica” en *Pragmalingüística I*, 1993; 99-123.
- CASAS GÓMEZ, Miguel e ESCORIZA MORERA, Luis (2009): “Los conceptos de diastratía y diafasia desde la teoría lingüística y la sociolingüística variacionista” en CAMACHO TABOADA, María Victoria et alii (eds.): *Estudios de Lengua Española: Descripción, Variación y Uso. Homenaje a Humberto López Morales*. Madrid: Iberoamericana; 151-178.
- CASCÓN MARTÍN, Eugenio (1995/2000): *Español coloquial. Rasgos, formas y fraseología de la lengua diaria*. Madrid: Edinumen.
- COLSON, Jean-Pierre (2008): “Cross-linguistic phraseological studies: An overview” en GRANGER, Sylviane e MEUNIER, Fanny (eds.): *Phraseology. An interdisciplinary perspective*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company; 191-206.

- CONTRERAS IZQUIERDO, Narciso (2008): *El diccionario de lengua y el conocimiento especializado en la sociedad actual*. Jaén: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Jaén.
- DOVAL, Gregorio (1995): *Del hecho al dicho*. Madrid: Ediciones del Prado.
- ETTINGER, Stefan (1982), “La variación lingüística en lexicografía” en HAENSCH, Günther et alii (eds.): *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*. Madrid: Gredos; 359-394.
- FAJARDO, Alejandro (1996-1997): “Las marcas lexicográficas: concepto y aplicación práctica en la Lexicografía española” en *Revista de Lexicografía* III, 1996; 31-57.
- GARCÉS, María Pilar e GARRIGA, Cecilio (2010): “Las marcas de uso en un diccionario histórico” en GÓMEZ MARTÍNEZ, Marta e CARRIAZO RUIZ, José Ramón (coords.): *La marcación en lexicografía histórica*. San Millán de la Cogolla: Cilengua; 171-241.
- GARRIGA, Cecilio (1997): “Las marcas de uso en los diccionarios del español” en *Revista de Investigación Lingüística* 1, 1997; 75-110.
- (2003): “La microestructura del diccionario: las informaciones lexicográficas” en MEDINA GUERRA, Antonia María (coord.): *Lexicografía española*. Madrid: Ariel; 103-126.
- GAVIÑO RODRÍGUEZ, Victoriano (2008): *Español coloquial. Pragmática de lo cotidiano*. Cádiz: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cádiz.
- GÓMEZ MARTÍNEZ, Marta e CARRIAZO RUIZ, José Ramón (coords.) (2010): *La marcación en lexicografía histórica*. San Millán de la Cogolla: Cilengua.
- GRANGER, Sylviane e MEUNIER, Fanny (2008): “Introduction” en GRANGER, Sylviane e MEUNIER, Fanny (eds.): *Phraseology. An interdisciplinary perspective*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company; 19-28.
- GRIES, Stefan (2008): “Phraseology and linguistic theory” en GRANGER, Sylviane e MEUNIER, Fanny (eds.): *Phraseology. An interdisciplinary perspective*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company; 3-25.
- GUTIÉRREZ CUADRADO, Juan (dir.) (1996b): “Las marcas en los diccionarios para extranjeros” en DÍEZ DE REVENGA, María del Pilar e JIMÉNEZ CANO, José María (eds.): *Estudios de Sociolingüística. Sincronía y diacronía*. Murcia: DM; 95-106.
- HAENSCH, Günther (1982): “Aspectos prácticos de la elaboración de diccionarios” en HAENSCH, Günther et alii: *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica*. Madrid: Gredos.
- HARTMANN, Reinhard (2001): *Teaching and Researching Lexicography*. Harlow / England: Longman.
- LARA, Luis Fernando (1997): *Teoría del diccionario monolingüe*. México: El Colegio de México.
- LÓPEZ MORALES, Humberto (2010): “La marcación sociolingüística en la lexicografía dialectal” en CASTAÑER MARTÍN, Rosa María e LAGÜENS GRACIA,

- Vicente (eds.): *De moneda nunca usada. Estudios dedicados a José M^a Enguita Utrilla*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico (CSIC); 385-391.
- MORENO FERNÁNDEZ, Francisco (1998/2005): *Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje*. Madrid: Ariel.
- (2000): “Diccionario para el aprendizaje de lenguas extranjeras” en RUHSTALLER, Stefan e PRADO ARAGONÉS, Josefina (eds.): *Tendencias en la investigación lexicográfica del español. El diccionario como objeto de estudio lingüístico y didáctico*. Huelva: Universidad de Huelva; 151-191.
- NAVARRO, Carmen (2008): *Aspectos de fraseología contrastiva español-italiano*. Verona: Edizioni Fiorini.
- OLÍMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia (2007): *Fraseografía teórica y práctica*. Frankfurt am Maim: Peter Lang.
- PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2002-2003): “La elaboración del Diccionario de locuciones verbales para la enseñanza del español” en *Revista de Lexicografía IX*, 2002; 97-129.
- (2004): “¿Caracterizan las locuciones el registro coloquial?” en VILLAYANDRE LLAMAZARES, Milka (coord.): *Actas del V Congreso de Lingüística General*, vol. 3. Madrid: Arco/Libros; 2225-2235.
- (2005): *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español*. Madrid, Arco/Libros.
- (2006): “El valor discursivo de los refranes” en *Estudios de Lingüística 20*, 2006; 287-304.
- (2008): *Diccionario de locuciones nominales, adjetivas y pronominales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.
- (2012): *Gramática y semántica de las locuciones*. Alcalá de Henares, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá.
- PHILIP, Gill (2008): “Reassessing the canon: ‘Fixed’ phrases in general reference corpora” en GRANGER, Sylviane e MEUNIER, Fanny (eds.): *Phraseology. An interdisciplinary perspective*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company; 95-108.
- PORTO DAPENA, José Álvaro (2002): *Manual de técnica lexicográfica*. Madrid: Arco/Libros.
- ROBERTS, Roda (1996): “Le traitement des collocations et des expressions idiomatiques dans les dictionnaires bilingues” en BÉJOINT, Henry e THOIRON, Philippe (eds.): *Les dictionnaires bilingues*. Belgique: Duculot; 181-197.
- RODRÍGUEZ MARÍN, Rafael (2003): “Las marcas de variación lingüística en el Diccionario de la Real Academia Española” en MORENO FERNÁNDEZ, Francisco et alii (coords.): *Lengua, variación y contexto. Estudios dedicados a Humberto López Morales*, vol. I. Madrid: Arco/Libros; 395-412.
- RUIZ GURILLO, Leonor (1998): *La fraseología del español coloquial*. Barcelona: Ariel.
- (2001): *Las locuciones en español actual*. Madrid: Arco/Libros.

- RUIZ MARTÍNEZ, Ana María (2012): “La marcación diastrática y diafásica de las locuciones en algunos diccionarios monolingües del español” en CESTERO, Ana María et alii (eds.): *La lengua, lugar de encuentro. Actas del XVI Congreso Internacional de la ALFAL*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá; 2143-2151.
- SANTAMARÍA PÉREZ, María Isabel (2000): “La fraseología en los diccionarios didácticos del español” en RUHSTALLER, Stefan e PRADO ARAGONÉS, Josefina (eds.): *Tendencias en la investigación lexicográfica del español. El diccionario como objeto de estudio lingüístico y didáctico*. Huelva: Universidad de Huelva; 559-571.
- SANZ ÁLAVA, Inmaculada (2007): *El español profesional y académico en el aula universitaria. El discurso oral y escrito*. Valencia: Tirant lo Blanc.
- SINCLAIR, John (2008): “Preface” en GRANGER, Sylviane e MEUNIER, Fanny (eds.): *Phraseology. An interdisciplinary perspective*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company; 15-18.
- STREHLER, René (1998): “Marcas de uso nos dicionários” en PINTO PIRES DE OLIVEIRA, Ana Maria e NEGRI ISQUERDO, Aparecida (eds.): *As ciências do léxico. Lexicologia, lexicografia, terminologia*. Campo Grande: Universidade Federal de Mato Grosso do Sul; 169-178.
- VIGARA TAUSTE, Ana María (1987): *Aspectos del español hablado*. Madrid: SGEL.
- (1992): *Morfosintaxis del español coloquial. Esbozo estilístico*. Madrid: Gredos.
- WOTJAK, GERD (1994): “Acerca del potencial comunicativo de las unidades léxicas (UL)” en *Voz y Letra* V/I; 155-173.
- (1998): “¿Cómo tratar las unidades fraseológicas (UF) en el diccionario?” en *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Madrid / Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert; 307-321.
- (2006): *Las lenguas, ventanas que dan al mundo*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca.
- ZGUSTA, Ladislav (1988): *Lexicography Today: an annotated bibliography of the theory of lexicography*. Max Niemeyer Verlag, Tübingen; 1-18.